1. Aplicación do requisito da data de finalización de estudos nas convocatorias de axudas predoutorais	580
2. Falta da preceptiva remisión pola administración do informe trianual da Lei 2/2014.....	582
3. Carácter homófobo de determinadas agresións.....	582
IV. Resolucións do Valedor do Pobo	583
V. Consideracións finais	583
 CAPÍTULO 2.1. QUEIXAS DE OFICIO	585
I. Área de medio ambiente.....	591
II. Área de educación	592
III. Área de agricultura, gandería e pesca	594
IV. Área de servizos sociais	595
V. Área de sanidade	600
VI. Área de administración económica e transporte	603
VII. Área de obras públicas e expropiacións	606
VIII. Área de corporacións locais e servizos municipais	609
IX. Área de sociedade da información	610
X. Área de igualdade de xénero.....	611
XI. Área de vivenda e desafiuzamentos.....	612
XII. Área de interior, seguridade cidadá e protección civil.....	613
XIII. Área de discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero	617

CAPÍTULO 3. INFORME SOBRE TRANSPARENCIA.....	621
I. Introdución	623
II. O Valedor do Pobo como comisionado da transparencia.....	623
1. Reclamacións por incumprimentos en materia de publicidade activa	624
2. Consultas.....	624
III. A transparencia da institución do Valedor do Pobo	629
IV. A actividade da comisión da transparencia	631
1. Datos estatísticos da Comisión da Transparencia	631
2. A evolución dos recursos da Comisión da Transparencia	637
3. Criterios da Comisión da Transparencia	637
4. Recursos contenciosos.....	644
V. O informe da Xunta de Galicia sobre transparencia	645
VI. Consideracións finais	665
 CAPÍTULO 4. ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DO DEBER DE COLABORACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS NAS INVESTIGACIÓNS DA INSTITUCIÓN	 669
I. O deber legal de colaboración nas investigacións da institución	671
1.O deber de colaboración en xeral	671
2.As advertencias de resposta urxente	671
3.As administracións ou órganos aos que se reiterou a petición de informe ata en dúas ocasións, e número de queixas en que tal circunstancia deuse	676
 CAPÍTULO 5. AS RESPOSTAS ÁS RESOLUCIÓNS FORMULADAS POLO VALEDOR DO POBO	 681
I. As respostas das administracións ou órganos aos que se dirixiu algunha resolución... ..	683
1.Introdución	683
2. Respostas das diferentes administracións e órganos ás resolucións do Valedor do Pobo.....	684
II. Resumo das resolucións do Valedor do Pobo e da súa aceptación polas correspondentes administracións.....	687
III.As respostas ás resolucións	690
1.Recordatorios de deberes legais	690
2.Recomendacións.....	691
3.Suxestións.....	697
 LIQUIDACIÓN ORZAMENTO (artigo 37.4 da Lei 6/1984).....	 699

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3. Textos lexislativos

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

- 3.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia (doc. núm. 53521, 10/PL-000018)



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "*Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia*", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 1 de agosto de 2019.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-SEÑORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 07/08/2019 11:20:53

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



CVE: hmUNOKBpT7
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día un de agosto dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia*, e a súa remisión ao Parlamento de Galicia”.

E para que conste asino a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a un de agosto dous mil dezanove.

Vº e Prace
O PRESIDENTE



Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia

- Acordo, da Consellería de Infraestruturas e mobilidade, de inicio de tramitación
- Certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia
- Anteproxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia
- Certificación da directora da Área de Modernización das Administración Pública na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
- Certificación do vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e secretario do Consello da Xunta de Galicia, autorizando o inicio da tramitación do Anteproxecto de Lei de de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia
- Memoria de Augas de Galicia
- Borrador do anteproxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia
- Memoria xustificativa e de impacto normativo do anteproxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia
- Memoria económica relativa ao antepñroxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia
- Táboa de vixencias: relación e normas afectadas pola lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia
- Informe sobre o anteproxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia
- Informe relativo ao anteproxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia
- Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral da Igualdade
- Diario Oficial de Galicia. Exposición pública do Anteproxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia
- Memoria de repercusións de alegacións e informes iniciais
- Alegación ao articulado e xerais ao anteproxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia
- Informe da Consellería de Facenda
- Informe da xefa do gabinete de Desenvolvemento Lexislativo
- Memoria complementaria da memoria xustificativa inicial
- Certificación da secretaria do Comité Executivo de Desenvolvemento Mineiro
- Memoria xustificativa sobre o ditame do Consello Económico e Social
- Memoria económico-financeira abreviada relativa ao anteproxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia
- Informe de sostibilidade financeira, informe de taxas, presos e exaccións reguladoras da Dirección Xeral de Planificación e Orzamento
- Informe final da Secretaría Xeral Técnica





XUNTA DE GALICIA

PROXECTO DE LEI DE REGULACIÓN DO APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Finalidades

Artigo 3. Definicións

TÍTULO II. Réxime xurídico do aproveitamento lúdico das augas termais

CAPÍTULO I. Declaración de augas termais

Artigo 4. Necesidade de declaración termal das augas

Artigo 5. Procedemento de declaración de augas termais aptas para o
aproveitamento lúdico

CAPÍTULO II. Aproveitamento lúdico das augas termais

Sección 1ª. Condicións xerais para o aproveitamento lúdico

Artigo 6. Título habilitante

Artigo 7. Aproveitamentos lúdicos en perímetros de protección de
establecementos balnearios

Sección 2ª. Procedemento para o outorgamento do título habilitante

Artigo 8. Solicitude

Artigo 9. Instrución

Artigo 10. Resolución

Artigo 11. Garantía financeira

Artigo 12. Seguro de responsabilidade civil

Artigo 13. Prazo de inicio do aproveitamento e plan cuadrienal

Sección 3ª. Eficacia e vixencia do título habilitante

Artigo 14. Efectos administrativos do título habilitante





XUNTA DE GALICIA

Artigo 15. Declaración de utilidade pública do aproveitamento

Artigo 16. Prazo de vixencia e prórroga do título habilitante

Sección 4ª. Suspensión, caducidade e peche definitivo e abandono

Artigo 17. Suspensión da actividade

Artigo 18. Caducidade do título habilitante

Artigo 19. Peche definitivo e abandono

Sección 5ª. Modificación e transmisión do título habilitante

Artigo 20. Modificación

Artigo 21. Transmisión

CAPÍTULO III. Dereitos e obrigas das persoas titulares de autorizacións e concesións de aproveitamento lúdico

Artigo 22. Dereitos

Artigo 23. Obrigas e prohibicións

CAPÍTULO IV. Condicións das instalacións

Artigo 24. Condicións hixiénico-sanitarias das instalacións

Artigo 25. Condicións de accesibilidade e seguridade das instalacións

TÍTULO III. Prelación e compatibilidade entre aproveitamentos terapéuticos e lúdicos das augas termais

Artigo 26. Prelación entre aproveitamentos terapéuticos e lúdicos

Artigo 27. Compatibilidade de aproveitamentos terapéuticos e lúdicos

TÍTULO IV. Réxime de inspección e sanción

Artigo 28. Inspección

Artigo 29. Concepto e clasificación das infraccións

Artigo 30. Infraccións moi graves

Artigo 31. Infraccións graves

Artigo 32. Infraccións leves

Artigo 33. Prescrición das infraccións

Artigo 34. Sancións

Artigo 35. Gradación das sancións

Artigo 36. Prescrición das sancións





XUNTA DE GALICIA

Artigo 37. Obrigas de reposición e de indemnización de danos e perdas

Artigo 38. Competencia para a imposición das sancións previstas nesta lei

Artigo 39. Remisión normativa

Artigo 40. Competencia sancionadora noutros ámbitos sectoriais

Disposición transitoria primeira. Regularización dos aproveitamentos lúdicos preexistentes de augas termais

Disposición transitoria segunda. Réxime aplicable ata a aprobación de modelos normalizados

Disposición transitoria terceira. Réxime aplicable ata a aprobación do desenvolvemento regulamentario sobre condicións hixiénico-sanitarias dos espazos termais

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia

Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia

Disposición derradeira terceira. Dereito supletorio

Disposición derradeira cuarta. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor

ANEXO





EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Galicia é unha das rexións de Europa con maior riqueza en augas minerais e termais. Na actualidade é a comunidade autónoma líder en España en canto á oferta termal. Os seus 21 balnearios, con máis de 3.000 prazas hostaleiras, representan en torno ao 20% dos establecementos nacionais e reciben anualmente preto de 150.000 persoas usuarias. Boa parte dos 300 mananciais de augas mineromedicinais existentes en Galicia son augas termais, segundo a lexislación, ao contar estas augas cunha temperatura superior en máis de 4 graos centígrados á media anual do lugar no que emerxen. Delas, só unha pequena parte se poden considerar augas hipertermais, segundo os criterios de aplicación terapéutica, que esixen unha temperatura superior aos 37 graos centígrados.

As augas termais, ademais de ser utilizadas polos balnearios con fins terapéuticos, poden ser aproveitadas para outras finalidades e desde finais do século XX creceu en todo o mundo a demanda do uso non terapéutico das augas mineromedicinais e termais. Estas novas demandas no uso lúdico das augas termais, unha “nova cultura” no aproveitamento dos recursos termais, experimentaron un extraordinario desenvolvemento nalgúns zonas de España e, especialmente, en Galicia. Por este motivo, debido á súa elevada demanda, proliferaron novos proxectos turísticos ao redor das augas termais con obxectivos non terapéuticos nin preventivos, senón cunha finalidade lúdica, de diversión e esparexemento. De feito, na actualidade, este sector de actividade presenta outras potencialidades asociadas ao benestar e lecer das persoas, asumindo polo tanto un papel fundamental na industria do turismo.





XUNTA DE GALICIA

Acontece, polo tanto, que na actualidade na Comunidade Autónoma de Galicia existen estes novos tipos de establecementos relacionados co aproveitamento e uso lúdico de augas termais que, aínda que se consolidan como focos de atracción turística, carecen das condicións establecidas legalmente para ser considerados balnearios e non dispoñen de regulamentación específica e actualizada.

Doutra banda, constátase que a maior parte dos recursos hidrominerais e termais susceptibles de seren aproveitados para a actividade termal e o termalismo localízanse en rexións do interior da comunidade autónoma, para as que esta nova demanda é de innegable interese por constituír unha vía de desenvolvemento local ou rexional mediante a xeración de investimento e emprego.

Ademais, atopámonos cun número considerable e crecente de persoas usuarias desas instalacións que depositan a súa confianza na existencia dunha garantía sanitaria e na legalidade destes establecementos, que non perseguen fins terapéuticos. Para poder garantir as ditas condicións, faise necesario dispoñer dun instrumento legislativo que permita regular e ordenar o sector, por outra banda tan diversificado e singular.

Respondendo a estes obxectivos, apróbase esta Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

II

A dita norma dítase principalmente con base na competencia exclusiva que, en materia de augas minerais e termais, se recoñece á Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 27.14 do Estatuto de autonomía de Galicia. Pero tamén en exercicio das competencias exclusivas que lle corresponden en materia de procedementos administrativos que se deriven do específico Dereito galego, promoción e ordenación do turismo, promoción da adecuada utilización do ocio e medio ambiente [artigo 27, números 5, 21, 22 e 30 EAG]. E en exercicio das competencias de desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de concesións administrativas e réxime mineiro e en materia de sanidade [artigo 28, números 2 e 3, e artigo 33 EAG].

O exercicio das ditas competencias autonómicas lévase a cabo dentro do necesario respecto á competencia estatal en materia de bases de réxime mineiro. A este respecto convén salientar que, aínda que nin a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, nin o Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral para o réxime da minaría, regulan especificamente o aproveitamento lúdico das augas termais, tampouco o exclúen.

Polo tanto, sobre esta base, e con fundamento nas competencias autonómicas citadas, abórdase a regulación de tal aproveitamento.

Coa aprobación desta lei complementábase ademais a regulación contida na Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación de augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.





III

A presente lei consta de corenta artigos, distribuídos en catro títulos, tres disposicións transitorias, cinco disposicións derradeiras e un anexo.

O título I, relativo ás disposicións de carácter xeral, define o obxecto da lei e as finalidades que persegue e determina os conceptos técnicos precisos para facilitar a súa aplicación. Neste sentido, debe partirse do establecemento previo dunha clara e fundamental distinción; a que procede realizar entre os “espazos termais”, considerados como aquelas instalacións de uso público destinadas mediante o baño ao aproveitamento lúdico das augas termais, e os “establecementos balnearios”, obxecto de regulación específica na referida Lei 5/1995, do 7 de xuño, e caracterizados pola aplicación, con fins terapéuticos, das augas mineromedicinais e termais. No concepto xenérico de “espazos termais” aínda convén singularizar aquelas instalacións agrupadas baixo o termo legal de “piscina termal de uso lúdico”.

Ao longo do título II establécese o réxime xurídico do novo aproveitamento lúdico, sendo condición para este tipo de aproveitamento que as augas dispoñan da declaración de termais. A este respecto cómpre remarcar que, pese a ser a soa declaración de augas termais aptas para o uso lúdico a declaración especificamente habilitante para o aproveitamento lúdico, este permitirase condicionadamente tamén respecto de augas termais que á súa vez teñan sido declaradas aptas para o uso terapéutico e respecto de augas que dispoñan da dobre declaración de termais e mineromedicinais. O feito de que habitualmente as mesmas augas compartan a condición de termais e mineromedicinais, unido á constatada suficiencia do recurso no territorio, explican o referido alcance do aproveitamento lúdico.





XUNTA DE GALICIA

En canto á regulación procedimental necesaria para o outorgamento do título habilitante para o aproveitamento lúdico, distínguense dous procedementos intimamente vinculados, sendo o primeiro, o de declaración de augas termais, presuposto do segundo, o de estrito outorgamento do título de aproveitamento. En canto ao procedemento de declaración, a norma contén unha regulación mínima. O segundo procedemento está dirixido a ordenar os trámites precisos para outorgar, mediante o preceptivo título autorizatorio ou concesional, o correspondente aproveitamento lúdico das augas termais. A este respecto, son as persoas propietarias dos terreos onde emerxan as augas, ou as terceiras persoas que acrediten a dispoñibilidade dos terreos, as persoas lexitimadas para solicitar o preceptivo título de aproveitamento. Este particular réxime de titularidade do aproveitamento lúdico, diferenciado do previsto para o aproveitamento terapéutico en establecementos balnearios, considérase acorde á utilidade pública que se aprecia respecto deste novo tipo de aproveitamento. Outra singularidade que convén destacar é o establecemento de previsións para tratar de compatibilizar os novos aproveitamentos lúdicos cos establecementos balnearios e os seus perímetros de protección.

Logo de regulada a tramitación do procedemento para o outorgamento do título habilitante, inclúense previsións relativas á súa eficacia e vixencia, á suspensión e caducidade, así como á modificación e transmisión daquel.

Por outra parte, prevese que a persoa titular da autorización ou concesión someterase ao réxime de dereitos e obrigas legalmente previsto, debendo destacarse, en particular, a necesidade de que pola súa banda se asegure a satisfacción das condicións hixiénico-sanitarias aplicables aos espazos termais e ás piscinas termais de uso lúdico. En tal sentido, mentres que a normativa existente en materia de piscinas constituirá o marco de referencia destas últimas instalacións, o resto dos espazos termais axustarase ás singularidades que regulamentariamente se establezan de acordo coa habilitación normativa prevista na lei.





XUNTA DE GALICIA

No título III establécense previsións para harmonizar o novo aproveitamento lúdico das augas termais co tradicional uso terapéutico. Así, ante a posibilidade de que unhas mesmas augas termais sexan susceptibles de aproveitamento terapéutico ou de aproveitamento lúdico, condiciónase o aproveitamento lúdico a que resulte excluída a posibilidade do aproveitamento terapéutico con base na falta de exercicio dos dereitos preferentes e na ausencia de convocatoria pola Administración do concurso público previsto para o aproveitamento terapéutico. Por outra parte, recoñécese a posibilidade de compatibilizar o aproveitamento terapéutico e o lúdico das augas termais procedentes dunha única emerxencia cando se cumpran os requisitos sinalados na norma.

No último título IV establécese o réxime de inspección e sanción, resultando especialmente destacable a tipificación de infraccións e sancións específicas do ámbito do aproveitamento lúdico das augas termais.

Finalmente, a lei establece, na disposición transitoria primeira, o procedemento para a regularización dos aproveitamentos lúdicos preexistentes; nas disposicións transitorias segunda e terceira, previsións para garantir a aplicabilidade da norma en tanto non se aproban os modelos normalizados de solicitudes e en tanto non se dita o desenvolvemento regulamentario en materia de condicións hixiénico-sanitarias; nas disposicións derradeiras primeira e segunda, modificacións da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manantial e dos establecementos balnearios da comunidade autónoma de Galicia, e da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia; e nas disposicións derradeiras terceira, cuarta e quinta, regras relativas ao dereito supletorio, habilitación normativa e entrada en vigor. Por último, incorpórase como Anexo a relación detallada da documentación técnica que debe acompañar a toda solicitude de aproveitamentos lúdicos.





XUNTA DE GALICIA

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

A presente lei ten por obxecto a regulación do aproveitamento lúdico das augas termais cuxo lugar de nacemento ou alumeamento estea situado dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.





Artigo 2. *Finalidades*

As finalidades da lei son:

- a) Velar pola salubridade e hixiene dos aproveitamentos lúdicos das augas termais.
- b) Garantir a sustentabilidade ambiental das augas termais para os efectos de evitar a súa degradación, en canto á súa calidade, e a súa redución, en canto á súa cantidade, a consecuencia dun uso inconveniente ou irracional do devandito recurso.
- c) Protexer a integridade das augas termais como recurso natural, patrimonial, cultural, turístico e lúdico.
- d) Promover o desenvolvemento económico e social das poboacións onde xorden as augas termais.





Artigo 3. *Definicións*

1. Para os efectos do disposto nesta lei enténdese por:

- a) Augas termais: aquelas nas que a temperatura de xurdimento sexa superior en catro graos centígrados á media anual do lugar no que nazan.
- b) Aproveitamento lúdico das augas termais: utilización das ditas augas con fins recreativos ou de lecer en espazos termais e piscinas termais de uso lúdico.
- c) Espazos termais: instalacións de uso público destinadas mediante o baño ao aproveitamento lúdico das augas termais.
- d) Piscina termal de uso lúdico: tipo de espazo termal que reúne as características e requisitos técnicos para a súa consideración como piscina de acordo co previsto no Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas.





TÍTULO II

Réxime xurídico do aproveitamento lúdico das augas termais

CAPÍTULO I

Declaración de augas termais

Artigo 4. *Necesidade de declaración termal das augas*

1. Para o aproveitamento lúdico das augas termais será condición previa que as augas dispoñan da declaración de augas termais.
2. A declaración de augas termais aptas para o aproveitamento lúdico é a declaración específica para este aproveitamento.
3. O aproveitamento lúdico será tamén posible respecto de augas que dispoñan da declaración de augas termais aptas para usos terapéuticos consonte a Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, e respecto de augas que dispoñan da dobre declaración de termais e mineromedicinais para usos terapéuticos. En ambos casos o aproveitamento lúdico estará amparado na declaración termal das augas e só será posible nos termos do establecido no artigo 26.





Artigo 5. *Procedemento de declaración de augas termais aptas para o aproveitamento lúdico*

1. A declaración de augas termais aptas para o aproveitamento lúdico realizarase pola persoa titular da consellería competente en materia de minas, a instancia das persoas lexitimadas para o aproveitamento lúdico ás que se refire o artigo 6.
2. Para a instrución do procedemento serán preceptivos o informe da consellería competente en materia de sanidade e o informe do Instituto Xeolóxico e Mineiro de España.
3. A resolución notificarase ás persoas interesadas e publicarse no Diario Oficial de Galicia.
4. Na tramitación do procedemento serán de aplicación as previsións contidas nos artigos 4 a 8 do Regulamento de aproveitamento de augas mineromedicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 402/1996, do 31 de outubro, en tanto non resulten incompatibles co disposto nesta lei.





XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO II

Aproveitamento lúdico das augas termais

Sección 1ª. Condicións xerais para o aproveitamento lúdico

Artigo 6. Título habilitante

Para o aproveitamento lúdico das augas termais deberá obterse a correspondente autorización ou concesión por parte das persoas propietarias dos terreos onde se atopen as augas ou daquelas persoas que acrediten, mediante título xurídico suficiente, a dispoñibilidade dos ditos terreos.





Artigo 7. Aproveitamentos lúdicos en perímetros de protección de establecementos balnearios

1. As persoas titulares de autorizacións ou concesións para usos terapéuticos en establecementos balnearios terán dereito ao aproveitamento das augas termais que se encontren dentro do perímetro de protección fixado nas ditas autorizacións ou concesións e que pertencen ao mesmo acuífero, con suxeición ao establecido na normativa básica.


2. Se dentro do dito perímetro de protección as persoas ás que se refire o artigo 6, distintas das persoas ás que se alude no número 1 deste artigo, solicitan un título habilitante para o aproveitamento lúdico a partir dunha emerxencia natural, darase audiencia á persoa titular da autorización ou concesión para que manifieste:

a) Se os traballos ou actividades que conleve o dito aproveitamento lúdico prexudican ou non o normal aproveitamento das augas obxecto da autorización ou concesión outorgada para usos terapéuticos en establecementos balnearios.

b) A súa vontade de exercer ou non o dereito ao aproveitamento de tales augas.

No caso de que, non quedando acreditado o prexuízo previsto na letra a), a persoa titular da autorización ou concesión rexeite exercer o seu dereito de aproveitamento, outorgarase á persoa solicitante o aproveitamento lúdico, de se cumpriren os restantes requisitos aplicables conforme o disposto nesta lei.

3. Dentro do dito perímetro de protección non están permitidos ás persoas ás que se refire o artigo 6, distintas das persoas ás que se alude no número 1 deste artigo, os aproveitamentos lúdicos a partir de emerxencias artificiais.





Sección 2ª. Procedemento para o outorgamento do título habilitante

Artigo 8. Solicitude

1. Para o aproveitamento lúdico das augas termais deberase solicitar a oportuna autorización ou concesión administrativa, segundo corresponda.

2. A solicitude, conforme ao modelo normalizado que se aprobe, dirixirase á consellería competente en materia de minas, e irá acompañada da seguinte documentación:

a) O título que acredite a dispoñibilidade sobre os terreos afectados.

b) Un proxecto xeral de aproveitamento subscrito por técnico/a competente comprensivo das especificacións previstas no anexo.

c) Un estudo xustificativo da necesidade do perímetro de protección, que deberá conter as especificacións previstas no anexo, e que non poderá exceder dun radio de 300 metros, agás que por causas excepcionais e debidamente xustificadas quede acreditada a necesidade dun perímetro de protección superior.

d) A documentación que xustifique as solvencias económica e técnica da persoa solicitante, de conformidade co previsto no artigo 18.1.c) da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

e) Un certificado municipal relativo á situación urbanística dos terreos afectados.

f) A documentación esixida pola normativa aplicable en materia de avaliación ambiental, no caso de proxectos que haxan de someterse á dita avaliación, observándose, en tal caso, os trámites previstos na dita normativa.

g) Un informe sobre o impacto socio-laboral do proxecto xeral de





XUNTA DE GALICIA

aproveitamento.

h) Un plan de peche e abandono.

i) Calquera outra documentación establecida regulamentariamente.

3. Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos sinalados nesta lei requirirase á persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa petición, previa resolución.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 9. Instrución

1. Unha vez presentada a solicitude, o procedemento impulsarase de oficio en todos os seus trámites.

2. Abrirase un período de información pública durante un prazo de vinte días, mediante a publicación do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia. Durante o mesmo prazo darase audiencia ás persoas interesadas, singularmente ás que teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que se adopte.

3. O órgano instrutor solicitará os informes preceptivos así como aqueles outros que estime necesarios aos órganos en cada caso competentes para a súa emisión.

4. En todo caso solicitaranse os seguintes informes, que terán carácter preceptivo e vinculante:

a) Informe da consellería competente en materia de sanidade.

En particular o informe versará sobre os criterios técnico-sanitarios da calidade das augas; sobre as condicións técnico-sanitarias do proxecto de establecemento, nomeadamente sobre as características construtivas do vaso e do resto das instalacións; e sobre as condicións de salubridade que as instalacións deberán cumprir en todo momento durante a vixencia do título administrativo.

b) Informe da Administración hidráulica correspondente.

c) Informe da consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

d) Informe do municipio no que se proxecte o aproveitamento pretendido, sobre a adecuación do dito aproveitamento á normativa urbanística.

O dito informe poderá estenderse a outros aspectos de competencia municipal, se ben só terá carácter vinculante, aos efectos da resolución do procedemento, o pronunciamento relativo á adecuación do aproveitamento á normativa





XUNTA DE GALICIA

urbanística.

5. En todo caso solicitaranse os seguintes informes, que terán carácter preceptivo e non vinculante:

- a) Informe da consellería competente en materia de medio rural.
- b) Informe da consellería competente en materia de turismo.

6. No caso de proxectos sometidos a avaliación ambiental observárase o previsto na dita normativa.

7. Así mesmo, durante a fase de instrución realizaranse os actos de comprobación e inspección que sexan precisos para a fixación do perímetro de protección.





Artigo 10. *Resolución*

1. O procedemento finalizará mediante resolución da persoa titular da consellería competente en materia de minas.

2. A resolución de outorgamento da autorización ou concesión de aproveitamento lúdico das augas termais terá o seguinte contido mínimo:

a) A denominación da instalación como “Espazo termal de / Piscina termal de uso lúdico de ”.

b) O prazo de vixencia da autorización ou concesión e as condicións para a solicitude da súa prórroga.

c) O prazo de inicio do aproveitamento.

d) A delimitación dun perímetro de protección que garanta a protección do acuífero en cantidade e calidade e o normal aproveitamento lúdico obxecto de autorización ou concesión.

e) A obriga de acreditar a dispoñibilidade da garantía financeira precisa e do preceptivo seguro de responsabilidade civil.

f) As medidas que deberán ser adoptadas para a protección do aproveitamento.

g) No seu caso, as actuacións que a persoa titular da autorización ou concesión deberá realizar para os efectos de compatibilizar o aproveitamento lúdico co propio dos establecementos balnearios.

h) As medidas relativas ao peche definitivo e abandono da instalación.

i) Os condicionantes sanitarios, ambientais ou doutro tipo determinados nos informes sectoriais emitidos que teñan carácter preceptivo e vinculante.

j) As condicións que o órgano mineiro competente para resolver impoña para o aproveitamento obxecto de autorización ou concesión.





XUNTA DE GALICIA

3. A resolución do procedemento deberá ditarse e notificarse no prazo máximo de doce meses e será obxecto de notificación ás persoas interesadas e de publicación no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen que fose notificada a resolución expresa, a solicitude de aproveitamento lúdico deberase entender desestimada por silencio administrativo.

4. Así mesmo practicarase de oficio a inscrición do aproveitamento no Rexistro de augas minerais, termais e de manantial da consellería competente en materia de minas.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 11. *Garantía financeira*

No prazo dun mes contado desde a notificación da resolución, a persoa titular da autorización ou concesión deberá acreditar que dispón dunha garantía suficiente, nos termos do disposto no artigo 32 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 12. *Seguro de responsabilidade civil*

Igualmente, no indicado prazo dun mes contado desde a notificación da resolución, a persoa titular da autorización ou concesión deberá acreditar que dispón dun seguro de responsabilidade civil, para os efectos de facer fronte aos danos que se puidesen causar ás persoas, aos animais, aos bens ou ao medio ambiente. Aplicarase ao devandito seguro o previsto no artigo 33 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.





Artigo 13. *Prazo de inicio do aproveitamento e plan cuadrienal*

1. A persoa titular da autorización ou concesión estará obrigada a iniciar o aproveitamento no prazo dun ano contado desde a data de notificación da resolución de outorgamento da autorización ou concesión de aproveitamento lúdico.

2. A devandita persoa titular presentará ao órgano mineiro competente na vixilancia do aproveitamento, dentro do mes de xaneiro e con carácter cuadrienal, un plan de aproveitamento, cuxo obxecto será o seguimento do aproveitamento realizado pola persoa titular. O primeiro plan deberá presentarse dentro do mes de xaneiro do cuarto ano posterior ao do outorgamento da concesión ou autorización de aproveitamento. Ao referido plan seralle de aplicación o previsto no artigo 19 do Regulamento de aproveitamento de augas mineromedicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 402/1996, do 31 de outubro.





Sección 3ª. Eficacia e vixencia do título habilitante

Artigo 14. Efectos administrativos do título habilitante

As autorizacións e concesións reguladas na presente lei terán unicamente efectos de carácter administrativo, deixando a salvo os dereitos e obrigas de carácter civil. Así mesmo, non eximen á persoa titular da autorización ou concesión de aproveitamento lúdico da obtención das autorizacións e licencias de competencia doutros órganos ou administracións.





Artigo 15. *Declaración de utilidade pública do aproveitamento*

1. O outorgamento da autorización ou concesión de aproveitamento lúdico das augas termais levará implícita a declaración de utilidade pública para os sos efectos da valoración da compatibilidade ou, no caso de incompatibilidade, da posible prevalencia do aproveitamento lúdico respecto doutros aproveitamentos declarados de utilidade pública.
2. A declaración de utilidade pública do aproveitamento lúdico non conleva o dereito á ocupación temporal ou expropiación forzosa dos terreos nos que emerxen as augas obxecto de aproveitamento.





Artigo 16. *Prazo de vixencia e prórroga do título habilitante*

1. As autorizacións outorgaranse polo período previsto no proxecto de explotación correspondente, cun límite máximo de revisión das condicións do seu outorgamento cada dez anos.
2. As concesións outorgaranse por un período de 30 anos, prorrogables ata un máximo de 75 anos.





XUNTA DE GALICIA

Sección 4ª. Suspensión, caducidade e peche definitivo e abandono

Artigo 17. Suspensión da actividade

Cando como consecuencia das actuacións inspectoras, se comprobe que a actividade de aproveitamento pode xerar risco grave e inminente para a saúde das persoas ou para a seguridade dos bens ou do medio ambiente, poderase ordenar a suspensión da actividade, nos termos do previsto no artigo 49.c) da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 18. *Caducidade do título habilitante*

As autorizacións ou concesións de aproveitamento lúdico declararanse caducadas mediante resolución da persoa titular da consellería competente en materia de minas nos seguintes supostos:

- a) Por renuncia voluntaria da persoa titular, aceptada pola Administración.
- b) Pola perda da condición de termal das augas obxecto de aproveitamento.
- c) Polo esgotamento do recurso.
- d) Pola diminución do caudal do acuífero que impida a súa explotación nas condicións establecidas no título de aproveitamento.
- e) Pola finalización do prazo para a que foi outorgada a concesión ou as prórrogas sucesivas.
- f) Pola contaminación irreversible do acuífero.
- g) Por manter paralizados os traballos de aproveitamento máis dun ano sen autorización administrativa.
- h) Polo incumprimento das condicións impostas na autorización ou concesión cuxa inobservancia estea expresamente sancionada coa caducidade.
- i) Polos demais supostos previstos nesta lei que conleven a caducidade.





Artigo 19. *Peches definitivos e abandono*

A persoa titular da autorización ou concesión, ao pechar definitivamente e abandonar o aproveitamento, estará obrigada a deixar os terreos nas debidas condicións de seguridade para as persoas e bens. A este respecto, solicitará autorización para o peche definitivo e abandono á xefatura territorial competente en materia de minas, a cal, tras as comprobacións oportunas, autorizará o abandono ou impondrá as condicións previas que considere necesarias. Neste último caso, deberá presentarse unha nova solicitude de autorización de peche definitivo e abandono. Presentada a dita solicitude, e verificado o cumprimento das condicións impostas, o devandito órgano autorizará o peche definitivo e o abandono do aproveitamento.





Sección 5ª. Modificación e transmisión do título habilitante

Artigo 20. Modificación

1. A modificación da autorización ou concesión de aproveitamento está sometida a previa autorización administrativa.
2. No caso de que a persoa titular da autorización ou concesión administrativa de aproveitamento quixese modificar o aproveitamento, mediante a disposición dun maior caudal, de novas instalacións, dun novo réxime de explotación, ou en calquera outro extremo, deberá presentar a oportuna solicitude ante a consellería competente en materia de minas. Con esta solicitude achegará un novo proxecto de aproveitamento, subscrito por técnico/a competente, no que se especificarán as modificacións propostas, así como un novo estudo de viabilidade económica.
3. No caso de que as características técnicas da modificación pretendida supoñan unha alteración substancial do aproveitamento inicialmente autorizado ou concedido, a persoa interesada deberá presentar, a maiores do previsto no número 2, a documentación que xustifique as solvencias económica e técnica da persoa solicitante, á que se engadirá, se fose necesario, a documentación esixida pola normativa aplicable en materia de avaliación ambiental, e a que xustifique a ampliación da garantía acreditada dispoñible e do seguro de responsabilidade civil acreditado dispoñible.





Artigo 21. *Transmisión*

As autorizacións e concesións poderán ser gravadas, transmitidas ou arrendadas por calquera medio admitido en dereito, previa autorización administrativa, a calquera persoa que reúna as condicións para obter o título habilitante para o aproveitamento lúdico.





CAPÍTULO III

Dereitos e obrigas das persoas titulares de autorizacións e concesións de aproveitamento lúdico

Artigo 22. Dereitos

A autorización ou concesión de aproveitamento lúdico das augas termais outorga á persoa titular os seguintes dereitos:

- a) Dereito á utilización exclusiva das augas na forma, condicións e durante o tempo que fose fixado na correspondente resolución administrativa.
- b) Dereito á protección do acuífero na cantidade e calidade precisas para o normal aproveitamento, nos termos en que se concedera.
- c) Dereito a impedir a realización, dentro do perímetro de protección fixado, de traballos ou actividades que puidesen prexudicar o acuífero ou o seu normal aproveitamento. A tal fin, o desenvolvemento de traballos ou actividades dentro do perímetro de protección estará sometido a autorización administrativa do órgano competente en materia de minas, debendo darse audiencia no correspondente procedemento á persoa titular da autorización ou concesión.





Artigo 23. *Obrigas e prohibicións*

A autorización ou concesión de aproveitamento lúdico das augas termais impón á persoa titular as seguintes obrigas e prohibicións:

- a) Obriga, respecto das augas termais, de consignar en lugar visible os seus datos máis significativos, e particularmente os relativos á temperatura de emerxencia e á declaración termal das ditas augas; no seu caso, tamén de consignar os relativos á eventual declaración mineromedicinal que adicionalmente puideran ter as augas, sen que tal información obxectiva presupoña vinculación respecto do uso terapéutico que puideran atribuírlles as persoas usuarias, e remarcando neste caso que o aproveitamento se fai con base na declaración termal.
- b) Obriga de informar das eventuais contraindicacións que o uso lúdico desas augas puidera supoñer para a saúde das persoas.
- c) Obriga, respecto dos usos, de limitarse á oferta e prestación dos servizos propios do aproveitamento lúdico, posibilitándose a existencia de instalacións complementarias para eses usos como as destinadas a saunas, baños de vapor ou tratamentos estéticos.
- d) Prohibición, respecto dos usos, de que nas instalacións lúdicas se oferten, presten ou garantan servizos terapéuticos das augas que excedan dos propios do seu aproveitamento lúdico, e correlativa obriga de consignar en lugar visible a dita prohibición.





CAPÍTULO IV

Condicións das instalacións

Artigo 24. *Condicións hixiénico-sanitarias das instalacións*

1. En materia hixiénico-sanitaria, corresponde á consellería competente en materia de sanidade establecer os requisitos técnicos e condicións mínimas dos espazos termais e das piscinas termais de uso lúdico.
2. Mediante o correspondente desenvolvemento regulamentario, o Consello da Xunta determinará os requisitos hixiénico-sanitarios dos espazos termais distintos das piscinas termais de uso lúdico. Estas últimas suxeitaranse ao Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas, nos termos previstos no dito real decreto, e á normativa autonómica ditada en desenvolvemento da dita norma básica.






Artigo 25. Condicións de accesibilidade e seguridade das instalacións

1. A persoa titular da autorización ou concesión estará obrigada a cumprir a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, e a restante normativa aplicable en materia de accesibilidade, para os efectos de garantir que as instalacións termiais sexan utilizables por todas as persoas en condicións de seguridade, comodidade e da maneira máis autónoma e natural posible.

2. Da mesma maneira, a persoa titular deberá asegurarse de que as instalacións termiais contén cos elementos precisos dirixidos a previr situacións de risco para a saúde das persoas usuarias, así como cunhas adecuadas condicións de salubridade, todo o anterior co fin de alcanzar un elevado nivel de protección da saúde e seguridade das persoas no aproveitamento lúdico das augas termiais.





TÍTULO III

Prelación e compatibilidade entre aproveitamentos terapéuticos e lúdicos das augas termais

Artigo 26. Prelación entre aproveitamentos terapéuticos e lúdicos

1. Cando, como consecuencia do previsto no artigo 4.3, unhas mesmas augas declaradas termais sexan, en virtude da súa declaración ou declaracións, susceptibles de aproveitamentos terapéuticos e lúdicos, o título habilitante para o aproveitamento lúdico poderá outorgarse, logo de acreditado que transcorreron os prazos de exercicio dos dereitos preferentes para o aproveitamento terapéutico das augas sen que tales dereitos fosen exercidos, e de declinada pola Administración a posibilidade de convocatoria do concurso público para o outorgamento de título habilitante para o dito aproveitamento terapéutico. No relativo aos dereitos preferentes e á convocatoria do concurso estarase ao disposto na normativa reguladora dos ditos aproveitamentos terapéuticos.

2. No procedemento de outorgamento do título habilitante para o aproveitamento lúdico darase en todo caso audiencia ás persoas interesadas, e singularmente ás que puideran ter expectativas no aproveitamento terapéutico, para que aleguen o que consideren oportuno.

3. Para o outorgamento do título habilitante correspondente a cada tipo de aproveitamento estarase ao que dispoña a respectiva normativa aplicable.





Artigo 27. *Compatibilidade de aproveitamentos terapéuticos e lúdicos*

1. As augas termais procedentes dunha mesma emerxencia poderán ser simultaneamente obxecto de aproveitamento terapéutico e lúdico, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

- a) As augas termais dispoñan da declaración ou declaracións necesarias para ambos aproveitamentos.
- b) A persoa titular de ambos aproveitamentos sexa a mesma.
- c) Resulte acreditada a suficiencia e sostibilidade de recurso para ambos aproveitamentos.

2. Para o outorgamento do título habilitante correspondente a cada tipo de aproveitamento estarase ao que dispoña a respectiva normativa aplicable.





XUNTA DE GALICIA

TÍTULO IV

Réxime de inspección e sanción

Artigo 28. *Inspección*

Será de aplicación á inspección en materia de aproveitamento lúdico das augas termais o réxime de inspección mineira previsto no capítulo I do título VI da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.





Artigo 29. *Concepto e clasificación das infraccións*

1. Son infraccións as accións e omisións que contraveñan as obrigas establecidas na lei, de acordo co previsto nos artigos seguintes.
2. As infraccións tipificadas nesta lei clasifícanse en moi graves, graves e leves.





Artigo 30. *Infraccións moi graves*

Son infraccións moi graves:

a) O aproveitamento lúdico das augas termais carecendo da preceptiva autorización ou concesión ou estando esta caducada, suspendida, anulada ou revogada.

Incluirase neste suposto, a continuación do aproveitamento unha vez ditada resolución de paralización nos termos previstos na disposición transitoria primeira.

b) A utilización das augas termais para usos distintos dos previstos na correspondente autorización ou concesión de aproveitamento lúdico.

c) A cesión ou transmisión da autorización ou concesión sen a previa autorización administrativa.

d) O incumprimento das condicións previstas na resolución de outorgamento da autorización ou concesión, cando con iso se poña en risco a saúde das persoas ou a seguridade dos bens ou do medio ambiente.

e) A negativa ou obstrución á actuación dos servizos de inspección mineira que impida total ou parcialmente o exercicio das funcións que legal ou regulamentariamente teñan atribuídas.

f) A deterioración significativa da calidade ou cantidade do acuífero por causas imputables á persoa titular da autorización ou concesión.

g) A falta de presentación do plan cuadrienal de aproveitamento ou a súa presentación fóra do primeiro ano que corresponda.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 31. *Infraccións graves*

Son infraccións graves:

- a) A falta de inicio do aproveitamento no prazo establecido no artigo 13.1.
- b) A modificación, paralización ou abandono do aproveitamento sen a previa autorización administrativa.
- c) O incumprimento da obriga de dispor da necesaria garantía financeira e/ou do preceptivo seguro de responsabilidade civil.
- d) A presentación do plan cuadrienal de aproveitamento fóra do prazo establecido pero dentro do segundo semestre do ano que corresponda.
- e) A obstrución que dificulte gravemente a actuación dos servizos de inspección mineira.
- f) A inobservancia dos requirimentos formulados pola inspección mineira ou a demora na súa atención, referidos ao cumprimento das condicións dirixidas a garantir a seguridade e a evitar danos ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 32. *Infraccións leves*

Son infraccións leves:

- a) A presentación do plan cuadrienal de aproveitamento fóra do prazo establecido pero dentro do primeiro semestre do ano que corresponda.
- b) A dispoñibilidade da necesaria garantía financeira e/ou do seguro de responsabilidade civil fóra do prazo establecido.
- c) A inobservancia dos requirimentos formulados pola inspección mineira ou a demora na súa atención, sempre que non se referisen ao cumprimento das condicións dirixidas a garantir a seguridade e a evitar danos ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 33. *Prescripción das infraccións*

As infraccións tipificadas nesta lei prescribirán nos seguintes prazos:

- a) Dous anos, no caso de infraccións moi graves.
- b) Un ano, no caso de infraccións graves.
- c) Seis meses, no caso de infraccións leves.





Artigo 34. *Sancións*

1. As infraccións tipificadas nesta lei serán sancionadas:


a) As infraccións leves, con multa de ata 900 euros. O grao mínimo desta multa abrangue ata 300 euros; o grao medio, de 301 a 600 euros; e o grao máximo, de 601 a 900 euros.

b) As infraccións graves, con multa desde 901 euros ata 9.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 901 a 3.600 euros; o grao medio, de 3.601 a 6.300 euros; e o grao máximo, de 6.301 a 9.000 euros.

c) As infraccións moi graves, con multa desde 9.001 euros ata 90.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 9.001 a 36.000 euros; o grao medio, de 36.001 a 63.000 euros; e o grao máximo, de 63.001 a 90.000 euros.

2. Pola comisión de infraccións graves poderá impoñerse como sanción accesoria a suspensión temporal do aproveitamento con clausura da explotación por un período non superior a dous meses.

3. Pola comisión de infraccións moi graves poderá impoñerse como sanción accesoria a suspensión temporal do aproveitamento con clausura da explotación por un período de entre dous meses e un ano ou a caducidade do título habilitante para o aproveitamento.






XUNTA DE GALICIA

Artigo 35. *Gradación das sancións*

Na determinación do importe das sancións terase en conta a transcendencia da infracción respecto de persoas e bens, a participación e beneficio obtido, a intencionalidade do infractor, o deterioro producido na calidade do recurso e as demais previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 36. *Prescripción das sancións*

As sancións previstas nesta lei prescribirán nos seguintes prazos:

- a) Tres anos, no caso de infraccións moi graves.
- b) Dous anos, no caso de infraccións graves.
- c) Un ano, no caso de infraccións leves.





Artigo 37. Obrigas de reposición e de indemnización de danos e perdas

1. Sen prexuízo da sanción administrativa que se impoña, a persoa infractora estará obrigada á reposición da situación alterada ao seu estado orixinario e a indemnizar os danos e perdas causados.

2. O incumprimento desta obriga de restitución das cousas ao seu estado orixinario e/ou de indemnización de danos facultará á consellería competente en materia de minas para actuar de forma subsidiaria realizando as obras por si ou a través das persoas físicas ou xurídicas que se determinen e á custa da persoa obrigada, utilizando, no seu caso, a vía de constrinximento para reintegrarse do seu custo. O importe dos gastos poderá liquidarse de forma provisional e realizarse antes da execución, a reserva da liquidación definitiva.






XUNTA DE GALICIA

Artigo 38. *Competencia para a imposición das sancións previstas nesta lei*

A competencia para a imposición das sancións previstas nesta lei corresponderá:

- a) Nas infraccións leves, á persoa titular da xefatura territorial competente en materia de minas.
- b) Nas infraccións graves, á persoa titular da dirección xeral competente en materia de minas.
- c) Nas infraccións moi graves, á persoa titular da consellería competente en materia de minas.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 39. *Remisión normativa*

En relación co procedemento a seguir para o exercicio da potestade sancionadora e cos principios aplicables ao exercicio da dita potestade estarase ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 40. *Competencia sancionadora noutros ámbitos sectoriais*

1. Os incumprimentos en materia sanitaria serán sancionados polo órgano sanitario competente de acordo co disposto na lexislación sectorial de aplicación.
2. Os incumprimentos da restante normativa sectorial serán sancionados polo órgano en cada caso competente nos termos previstos na lexislación sectorial de aplicación.





Disposición transitoria primeira. *Regularización dos aproveitamentos lúdicos preexistentes de augas termais*

1. As instalacións dedicadas ao aproveitamento lúdico de augas termais que se atopen en funcionamento no momento da entrada en vigor da presente lei poderán regularizarse de acordo co procedemento previsto, aos efectos de dispor do título habilitante en materia de minas, e sen prexuízo do necesario respecto ás esixencias derivadas doutra normativa sectorial de aplicación.
2. Para iniciar o procedemento é presuposto que as augas dispoñan da declaración de augas termais, polo que no caso de aproveitamentos lúdicos preexistentes sobre augas exclusivamente declaradas mineromedicinais, será necesario que previamente se obteña a declaración termal das ditas augas.
3. O procedemento iniciárase por quen ostente a titularidade das instalacións mediante a presentación da solicitude, acompañada do proxecto xeral de aproveitamento e do estudo xustificativo do perímetro, ambos coas especificacións contidas no Anexo, da documentación xustificativa das solvencias económica e técnica e do plan de peche e abandono. Solicitarase en todo caso informe da consellería competente en materia de sanidade e darase trámite de audiencia ás persoas interesadas. A resolución que poña fin ao procedemento, de ser favorable, outorgará o correspondente título administrativo para o aproveitamento lúdico.
4. Unha vez regularizados, a estes aproveitamentos seralles inmediatamente aplicable o réxime xurídico dos aproveitamentos lúdicos previsto nos artigos 11 e seguintes do Título II, así como as restantes previsións dos Títulos III e IV.
5. Os aproveitamentos lúdicos preexistentes deberán regularizarse no prazo





XUNTA DE GALICIA

máximo de doce meses desde a entrada en vigor desta lei.

6. En caso contrario, a persoa titular da consellería competente en materia de minas resolverá a paralización do aproveitamento en cuestión, así como a imposición ao suxeito responsable das sancións correspondentes conforme ao réxime sancionador previsto nesta lei, en ambos casos, tras a incoación do oportuno procedemento administrativo no que se concederá audiencia á persoa interesada.





XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria segunda. *Réxime aplicable ata a aprobación de modelos normalizados*

En tanto non se aproben os modelos normalizados de solicitude para os procedementos previstos nesta lei, poderá empregarse a solicitude xenérica que a Administración autonómica ten prevista para os casos nos que non exista un modelo electrónico normalizado e que se atopa dispoñible na súa sede electrónica.





XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria terceira. *Réxime aplicable ata a aprobación do desenvolvemento regulamentario sobre condicións hixiénico-sanitarias dos espazos termais*

Mentres non se dite a normativa regulamentaria á que se refire o artigo 24.2, as condicións hixiénico-sanitarias aplicables aos espazos termais distintos das piscinas termais de uso lúdico serán as que o órgano sanitario inclúa no seu informe preceptivo e vinculante previsto no artigo 9.3.





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia*

A Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 1, que queda redactado como segue:

“A presente lei ten por obxecto a regulación das augas minerais, termais e de manancial cuxo lugar de nacemento ou alumeamento estea situado dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Igualmente, é obxecto desta lei, dentro do ámbito territorial sinalado, a regulación dos establecementos balnearios.

Queda excluído do ámbito de aplicación desta lei a regulación do aproveitamento lúdico das augas termais, que se rexerá polo disposto na Lei / , de aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, sen prexuízo do disposto na disposición derradeira terceira desta lei.”

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 27, que queda redactado como segue:

“1. As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas, logo de incoación do oportuno expediente, de acordo coa seguinte graduación:

a) As infraccións leves, con multa de ata 900 euros. O grao mínimo desta multa abrangue ata 300 euros; o grao medio, de 301 a 600 euros; e o grao máximo, de 601 a 900 euros.

b) As infraccións graves, con multa desde 901 euros ata 9.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 901 a 3.600 euros; o grao medio,





XUNTA DE GALICIA

de 3.601 a 6.300 euros; e o grao máximo, de 6.301 a 9.000 euros.

c) As infraccións moi graves, con multa desde 9.001 euros ata 90.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 9.001 a 36.000 euros; o grao medio, de 36.001 a 63.000 euros; e o grao máximo, de 63.001 a 90.000 euros. Nestes casos, poderá impoñerse ademais, como sanción accesoria, a suspensión temporal da concesión ou autorización por período de ata seis meses ou a extinción da concesión ou autorización.”





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia*

Modifícase o número 2 do artigo 2 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

“2. Están excluídas do ámbito de aplicación da presente lei as seguintes materias:

- a) A exploración, a investigación, a explotación e o almacenamento subterráneo de hidrocarburos líquidos e gasosos.
- b) A extracción ocasional e de escasa importancia de recursos minerais, calquera que sexa a súa clasificación, sempre que a leve a cabo o propietario dun terreo para o seu uso exclusivo e non exixa a aplicación de ningunha técnica mineira.
- c) As augas reguladas na Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manantial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Calquera aproveitamento de recursos xeotérmicos de escasa importancia económica, en particular aos que se lles dea utilidade en calefacción, climatización doméstica ou industrial e/ou auga quente sanitaria, baseados en sistemas xeotérmicos de moi baixa entalpía, con intercambiadores en circuíto pechado, ata 200 metros de profundidade, sempre que sexa levado a cabo polo propietario do terreo para o seu uso exclusivo e que o aproveitamento non exixa a aplicación de ningunha técnica mineira.





XUNTA DE GALICIA

Todo iso sen prexuízo de que os traballos subterráneos necesarios estarán sometidos á autorización previa das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de enerxía e minas, tal e como xa recolle o artigo 18.2 do Decreto 402/1996, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de aproveitamento das augas mineromedicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) O aproveitamento lúdico das augas termais, que se rexerá polo disposto na Lei / , de aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, sen prexuízo do disposto na disposición derradeira terceira desta lei.”





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira terceira. *Dereito supletorio*

En todo o non previsto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento aplicaranse, no que non se opoñan a elas e resulte compatible coa natureza e características propias dos aproveitamentos lúdicos, a Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia e a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, así como os seus respectivos desenvolvementos regulamentarios.





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario*

1. Facúltase ao Consello da Xunta de Galicia para aprobar as disposicións necesarias de desenvolvemento da presente lei.
2. Sen prexuízo do anterior, facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de minas para regular directamente cuestións técnicas da súa competencia, nomeadamente as correspondentes á sinalética das novas instalacións, así como para modificar o contido do Anexo.





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor*
A presente lei entrará en vigor aos trinta días naturais da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

O Vicepresidente e Conselleiro de
Presidencia, Administración Pública e Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, a iniciativa da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda e dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Totalidade, de devolución, ao proxecto de Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia (doc. núm. 53521, 10/PL-000018)** polos seguintes motivos:

“Unha das alternativas ao turismo convencional é a que ofrecen as estacións termais ou balnearios, tanto polo seu carácter intrínseco de centro de saúde, como polas posibilidades que presentan as contornas onde están encravadas. Na maioría dos países europeos as estacións termais souberon conxugar á perfección esa dupla actividade sanitario/turística enriquecéndoa con novas ofertas de lecer”.

Xa que Galiza é unha potencia europea, parece moi necesario dinamizar e potenciar a nosa riqueza termal, conformando ámbitos lúdicos que permitan dignificar a existencia individual e colectiva do noso país e recrear e ampliar as posibilidades dos nosos recursos alén do desenvolvemento económico.

O título da lei debera mudarse, xa que o adxectivo “lúdico” ten connotacións moi amplas. Unha cousa é o aproveitamento lúdico entendido como asimilación colectiva da cultura e outra moi diferente con respecto ao ámbito restrinxido á súa rendibilidade económica de particulares.

Neste proxecto minimízase e ignórase a concepción ampla do aproveitamento das augas, empregándose a palabra “lúdico” sen considerar a dimensión creativa do lecer que nos achega a procesos democráticos que permiten a configuración



real dunha conciencia social e da conformación de contextos políticos e culturais para a súa mellora dende unha perspectiva moderna de futuro.

En ningún momento hai alusións ao termalismo como espazo no que tamén a expresión, a creatividade, a arte, a arqueoloxía, a historia, a memoria a recreación e o lecer fagan parte do encontro, intercambio e beneficio para a cidadanía; para o uso público dun ben público; para satisfacer as necesidades colectivas de todos os estamentos da sociedade que transcenden os límites dos intereses individuais e que constitúan un verdadeiro espazo lúdico de cidades e vilas.

A consideración de obxecto de lexislación debera ser a AUGA e as súas aplicacións. Trátase de evitar a confusión lexislativa ao individualizar as instalacións que apliquen estas augas, ficando aínda sen completar e lexislar outros usos.

Por que restrinxir os espazos termais a aproveitamentos lúdicos? Con ese pretexto, seguen sen estar reguladas, entre outras, fontes e mananciais termais de uso tradicional rexeitando as propostas de modificación dos expertos que consideran imprescindible que sexan contemplados neste Proxecto. Así a proliferación de modelos de aproveitamento sen regulación (pozas e furos, entre outros) pode provocar desprotección xurídica.

Este Proxecto de lei de aproveitamento lúdico de augas termais, xunto co seu aproveitamento terapéutico representa para moitas vilas termais un motor económico importante, pero resulta privatizador e descaradamente dirixido a favorecer ás empresas privadas. Esta é unha Regulación ideada para favorecer aos propietarios privados de balnearios e doutras augas para impedir a competencia e estender a blindaxe xurídica da que gozan actividades distintas vencelladas á saúde.



É evidente, xa na Exposición de Motivos deste Proxecto de lei, cal é a postura política na que se basea. Salientan a termalidade como propiedade para defender o uso lúdico destas augas, considerando que “xogan un papel fundamental na industria do turismo”.

Malia todo, o potencial económico das augas termais radica na súa natureza (termal-mineral) xa que a auga quentada e tratada artificialmente non supón a verdadeira singularidade de Galiza e un verdadeiro motor que precise unha lexislación específica diferente da existente no tocante á seguridade e requisitos hixiénicos-sanitarios.

En todo caso, debera existir unha *Lei xeral de augas termais e minerais e os seus usos* que englobe e unifique a lexislación actual incluíndo definicións, procedementos, declaracións, aplicacións, medidas de control. De non ser así, non se precisa unha nova lei, en tal caso si reformar a Lei 5/1995.

Por outra banda, non se especifica no Proxecto se neste tipo de instalacións termais que tratan de regular, tan só se pode usar “auga termal” ou asemade mestura de augas de diferente natureza, o que provocaría un cambio das propiedades naturais da auga.

A nova Lei non reconece que todas as augas minerais son de dominio público. Todas as augas convertéronse en dominio público, aínda que as que eran privadas mantiveron a súa titularidade á marxe do sistema de protección. Se falamos de Principios xerais, é incuestionable o principio do carácter público das augas termais.

Na Lei 5/95 facilitouse a súa privatización de “facto”. Grave erro no que reincidente esta Proposición. É inaceptable! Todas as augas subterráneas, minerais e termais son públicas tal e como confirmou a xurisprudencia do Tribunal Supremo (sentenza do 9 de xuño de 2003).



Establécense dúas vías para o seu aproveitamento. Primeira: Se as augas nacen en terreos privados (non teñen tal carácter) outórgase aproveitamento sen prazo concreto que queda a criterio do solicitante. Segunda: A concesión a 30 anos son prorrogables a 75. É excesivo! O lóxico sería que todas se outorgasen mediante concesión dun prazo determinado pola Administración. Pero a súa lóxica non se encamiña á defensa dos intereses do común e si á favorecer fontes de negocio particulares.

É inaceptable o concepto de “exclusividade consuetudinaria na explotación terapéutica” das augas minerais ou termais que se rexen, entre outras normas polo Real Decreto do Estatuto de Balnearios e Leis de Minas. Si podería reivindicarse este concepto no caso de fontes, lavadoiros, piscinas ou pozas de augas termais de determinados municipios, que deberan ser recoñecidas e protexidas.

No relativo aos perímetros de protección non son ferramentas para outorgar monopolios e privilexios aos balnearios actuais, limitando a competencia. As consideracións que este proxecto establece no seu artigo 7 son un despropósito. Na mesma liña privatizadora alúdese, sen rubor, aos “perímetros de protección de balnearios”, figura que non existe na actual lexislación xa que son “perímetros de protección para a conservación do acuífero”.

A nova lei establece entre as súas finalidades “promover o desenvolvemento económico e social das poboacións onde xorden as augas termais”. Como é posible que no caso de captacións artificiais de augas termais dentro dos perímetros xa existentes a norma estableza sen pudor que lle “corresponde ao titular do balneario o dereito exclusivo a dito aproveitamento lúdico”? Isto é moi grave! Un beneficio ilexítimo a meros titulares privados de autorización de aproveitamento. Vese nitidamente cal é a súa prioridade política: favorecer a



empresas afíns, prexudicando o interese xeral.

O rexeitamento das alegación presentadas por expertos, grupos políticos, asociacións e municipios, está encamiñado a manter o corpus ideolóxico da norma, sen dúbida para obter beneficios privados. Aínda recoñecendo que a reforma da Lei 5/1995 é unha opción, prefiren “unha regulación separada pola entidade diferenciada do novo aproveitamento que se regula.

Tan só foron aceptadas dúas alegacións. Unha delas ben xustificada por Ourense en Común porque “non se debe eliminar a esixencia do informe de Sanidade no procedemento de declaración da condición termal das augas. Que na regulación para a declaración como augas termais non se precisa informe da Consellería competente en materia de sanidade, cando unha das finalidades que recolle a lei é a de velar pola salubridade e hixiene dos aproveitamentos lúdicos das augas termais.

Parece máis acaído establecer a salubridade inicialmente, e o mantemento da mesma nesas condicións durante toda a autorización ou concesión administrativa”. Como era posible que non se precisase informe da Consellería competente en materia de sanidade, cando un dos fins que recolle a lei é a de velar pola salubridade e hixiene dos aproveitamentos lúdicos das augas termais?

Os concellos son a administración básica máis próxima á cidadanía e porén parte importante na estrutura administrativa e conformadora galega, que permitiron o desenvolvemento, tanto por ser a canle das iniciativas empresariais como das sociais. Porén, os concellos deberan ter maior presenza na nova lei, como un dos principais actores que son. Este Proxecto non lles outorga protagonismo nin prevalencia aos que pretendan aproveitar as augas termais dos municipios, limitando o pretendido desenvolvemento local que xustifica a nova lei e non recoñecendo o seu carácter de Vilas Termais.



O texto normativo elaborouse unicamente con empresas do sector balnearios, excluíndo aos concellos con xacementos termiais. Daquela denunciouse a falta de participación dos consistorios na elaboración do anteproxecto, que se estaba a tramitar, en exclusiva, con empresas interesadas en lucrarse coa xestión dos balnearios, e alertouse de que o texto non prevé áreas termiais de xestión directa municipal que permitan ofertar un turismo termal accesible economicamente a todos os públicos.

Bótase tamén en falta que non se requira información relevante sobre o impacto na economía, a empregabilidade, ou desenvolvemento turístico do lugar onde se asente un proxecto de explotación termal.

Por todo isto, **O Grupo Común da Esquerda solicita a devolución do Proxecto de Lei de aproveitamento lúdico das augas termiais de Galicia.**

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda

Antón Sánchez García

Vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/09/2019 16:39:32



Marcos Cal Ogando na data 18/09/2019 16:39:48

Antón Sánchez García na data 18/09/2019 16:40:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia [10/PL-000018 (doc. núm. 53521)]**, en base ás seguintes consideracións:

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego xulgamos necesaria a devolución ao goberno da Xunta de Galiza deste Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza por tratarse dunha proposta limitada que non supón un avance cualitativo para o desenvolvemento do termalismo no noso país. O texto proposto parte dun punto de vista parcial, cun diálogo insuficiente coa sociedade e co sector, sen os estudos suficientes para responder ás necesidades do termalismo do século XXI ademais de non contribuír a resolver as necesidades a revisión normativa e os instrumentos necesarios para un novo impulso do sector que estea vertebrado no servizo dos intereses sociais e económicos dos galegos e galegas.

Como obxecto único, ese texto legal parte da idoneidade de dotar dun marco legal específico aqueles aproveitamentos de augas termais enfocados á súa explotación lúdica. Cómpre ter en conta que o marco polo que se rexe a explotación termal no noso país (Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios de Galiza.) está a piques de cumprir os vinte e cinco anos e, xa que logo, podemos evidenciar cuestións a revisar como o aspecto lúdico, este debe enmarcarse na globalidade do fenómeno termal entendido como unha realidade poliédrica. Polo tanto, impulsar un texto legal que exclusivamente se centra en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desenvolver o que vén a constituír unha addenda técnica ao marco vixente, é unha oportunidade perdida para unha revisión normativa máis profunda.

Así mesmo, contemplando desde o punto de vista xurídico-administrativo a necesidade de caracterizar de maneira profunda os usos lúdicos das augas termais, polo que aquelas instalacións que non se encadren na tipoloxía de balneario poidan ter un abano suficiente para o seu aproveitamento, cumpriría non perder de vista o seu encadre no conxunto. Do punto de vista normativo, mais tamén do punto de vista do impulso político.

De forma especial, cómpre ter en conta que o termalismo moderno tense construído na harmonía entre os elementos terapéuticos e lúdicos (tanto do punto de vista turístico como de concepción e uso por parte da sociedade en que se encadran os aproveitamentos). Polo tanto, estes dous elementos van da man e cómpre desenvolver unha planificación que non incorra nunha disociación innecesaria de forma que poidan acabar presentándose á sociedade como elementos opostos e alternativos, e non complementarios e, maioritariamente, híbridos.

Contrariamente a estas necesidades, o enfoque deste proxecto de lei é moi parcial e polo tanto inadecuado e parcial, polo que incorre en graves erros. Dunha banda, circunscribe o desenvolvemento practicamente en exclusiva ao aspecto turístico, desatendendo a función social do termalismo e obviando a conexión da vertente lúdica coa saúde en sentido amplo (calidade de vida, benestar psicolóxico, complementariedade dos tratamentos terapéuticos, etc.). Doutra, incorre nunha incoherencia de partida ao pretender soste- r asemade que obedece ao impulso económico – sen desenvolver as súas posibilidades- e que non ten vínculo co desenvolvemento económico e social – ao xustificar, por exemplo, a inexistencia do preceptivo informe do Consello Económico e Social-. Polo tanto, este texto legal vén a ser a evidenciar un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gobierno da Xunta de Galiza que fracasou no seu modelo termal na última década e que pretende por esta vía paliar a súa falta de estímulo innovador e tamén lexislativo.

Cómpre advertir que aínda que no texto se fai constar a teórica prevalencia do uso terapéutico, entendemos que o seu desenvolvemento é confuso e que confusa será a distinción no sector e nos usuarios e usuarias últimas, podendo favorecer ademais que as novas iniciativas ou aquelas que poidan ou deban adaptarse poden tender á adhesión ao uso lúdico como excluínte do terapéutico e existe polo tanto un risco de distorsión do mapa termal do noso país.

O termalismo constitúe unha oportunidade para Galiza, polo que xa representa e polas condicións naturais excepcionais que permiten abrir novas perspectivas. Esta oportunidade vai alén da explotación turística e, en todo caso, o modelo turístico termal debe ser revisado e reordenado para garantir a sostibilidade. Así mesmo, cabe sinalar como unha eiva a corrixir que despois de se constatar o fracaso do Plan de Turismo Termal - que xa prevía a revisión do marco lexislativo antes do ano 2015- non acompaña no expediente deste proxecto unha avaliación do seu desenvolvemento e resultados, se os houber.

Así mesmo, o termalismo representa unha oportunidade para o desenvolvemento económico e social que debe ser aproveitada. Porén, a Xunta de Galiza non presenta neste proxecto de lei unha alternativa desenvolvida e argumentada. Máis aínda, o anteproxecto característica pola falta de previsión económica e de planificación para o desenvolvemento deste aspecto. Por exemplo, chama a atención que se ben o o punto d) do Artigo número 2 referente ás Finalidades deste texto lexislativo recolla “promover o desenvolvemento económico e social das poboacións onde xorden as augas” ou que a exposición de motivos afirme de forma específica “constátase que a maior parte dos recursos hidrominerais e termais susceptibles de seren aproveitados para a actividade termal e o termalismo localízanse nas rexións do interior da comunidade autónoma, para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

as que esta nova demanda é de innegable interese por constituír unha vía de desenvolvemento local ou rexional mediante a xeración de investimento e emprego” e que iso non se corresponda cunha memoria económica específica que estableza obxectivos e indicadores de avaliación, unha planificación temporal ou que tan sequera se propoñan estes mecanismos na propia lei.

Unha evidencia desta falta de planificación e proxecto para o impulso económico é o procedemento que marcou a elaboración. Entre as cuestións máis graves que motivan a devolución deste texto está a inaceptable a inexistencia do informe do Consello Económico e Social de Galiza. Máis aínda, que a Xunta de Galiza vulnere este paso argumentando, en sentido contrario ao que a lei e a súa exposición de motivos recollen que “non se trata dun anteproxecto de lei que regule materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galiza” na Memoria Xustificativa sobre o Ditame do Consello Económico e Social.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta situación está totalmente inxustificada e vulnera o regulado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e social de Galiza, que determina que entre as funcións do CES salienta a de emitir ditames preceptivos sobre anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos que regulen materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social do noso país. Ademais, como agravante hai que salientar que as desculpas do goberno galego pasan pola existencia dun presunto “informe” do Comité Executivo de Desenvolvemento Mineiro do Consello de Economía e Competitividade cando a acta que non informe detallado, cuestión que tamén sinala o exhaustivo informe do Gabinete de Desenvolvemento Lexislativo de 24 de xullo de 2019. Esta situación evidencia un proceso de participación insuficiente, que non facilita a interlocución cos sectores relevantes da sociedade galega nin cos sectores tractores do punto de vista económico e empresarial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, cómpre cuestionar que a Memoria Económico-Financeira que achega o goberno galego sosteña a tese de que o impulso a esta nova lei non implica impacto económico algún nin incremento do gasto público. Esta cuestión indica que a folla de ruta da Xunta de Galiza continúa sen apostar polo impulso público ao desenvolvemento do termalismo, confiando exclusivamente no investimento de axentes privados e renunciando ao papel de liderado que debera corresponder ás administracións galegas, nomeadamente á Xunta de Galiza pola súa dimensión. Así mesmo, isto deixa ver a seguinte cuestión problemática: non establece horizonte algún para a participación pública nin para preservar os dereitos de explotación e aproveitamento público de forma que este reverta directamente sobre a veciñanza.

Unha das grandes lagoas é precisamente definir e blindar o papel do sector público como axente investidor para garantir que a cohesión e a xustiza social sexan piares sobre os que desenvolver o modelo termal galego, caracterizado pola inclusión e igualdade. Neste sentido, a lei debería establecer como prioridade o acceso en condicións de igualdade de toda a poboación ao desfrute dos recursos termais, buscando un equilibrio entre a oferta privada e a oferta pública toda vez que estamos a falar de recursos naturais de dominio público. É necesario, polo tanto, arbitrar mecanismos para que o desenvolvemento do termalismo non afonde exclusivamente na privatización da explotación por parte de grupos empresarias. A participación do sector público ten que ser un axente dinamizador e garantista dun modelo sustentable, ao tempo que se atopa unha fonte de riqueza que debe retroalimentar o seu carácter de ben público. Consideramos a este respecto que este texto legal non prevé esa reserva do carácter público nin facilita a existencia da xestión directa destes servizos fundamentais.

Entre outras cuestións que deben ser sometidas a un meirande consenso e mesmo a estudos específicos sinalaremos o extenso tempo previsto para as concesións que, se ben encaixan no marco legal vixente, desde o Grupo Parlamentar do Bloque





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nacionalista Galego entendemos que para a explotación termal deben ser revisados e sería necesario reducilos para incrementar o control e a adaptación as necesidades futuras. Sorprende mesmo que nas contestacións ás alegacións neste sentido se indique que é unha posibilidade mais non se recolle no texto legal. No mesmo sentido, este Grupo fai constar as súas dúbidas canto a dous aspectos: dunha banda, a necesidade de definir e regular con exactitude as esixencias sanitarias e os seus mecanismos de obtención; doutra banda, canto á delimitación dos perímetros máximos de protección e canto á exclusión das augas frías pero medicinais da posibilidade de ser categorizadas baixo esta nova normativa, entendendo que este último aspecto non está estudado con suficiencia e pode supoñer un agravio comparativo que fure as posibilidades para un ámbito potencialmente amplo.

Así mesmo, bótase de menos no texto unha meirande participación social, tanto na fase de elaboración onde só constan 17 suxestións mediante o portal de transparencia (que non se achegan en copia e debidamente informadas) e 25 alegacións (contestadas de forma moi parcial e practicamente desatendidas na súa totalidade, aceptándose unha cuestión técnica respecto da xestión sanitaria mais non outros elementos de calado sinalados polas entidades municipais e por axentes do sector). Na elaboración deste proxecto non se procurou nin na fase previa nin nas medidas introducidas o fomento efectivo da participación cidadá, tanto de forma individual como colectiva, tanto por medios tradicionais como a través das novas posibilidades que ofrece a tecnoloxía, para incardinar no desenvolvemento do termalismo como un elemento dinamizador a integración da sociedade na que emerxe. Isto evidencia un crecente afastamento entre a sociedade e a administración na construción do modelo económico e social que esta lei non contribúe a corrixir, senón a agrandar.

Outras carencias do proxecto de lei teñen que ver co escaso desenvolvemento de medidas encamiñadas a integrar no aspecto lúdico os valores de protección e promoción





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

patrimonial, tanto do punto de vista material e inmaterial, como se o emprego dos recursos termais para o lecer fora un invento do século XXI e importado da expansión dos centros de benestar e non algo intrinsecamente asociado ao uso popular destes recursos, que non é exclusivamente terapéutico ou utilitario. O patrimonio é unha oportunidade e, porén, non se establece ningunha conexión neste texto legal nin na súa exposición de motivos. Este aspecto, sumado á negligente política da Xunta de Galiza, como amosan exemplos como a situación da Fonde de Troncoso en Mondariz Balneario.

Complementariamente tamén cómpre recordar que o expediente pon de manifesto diversas eivas na tramitación e redacción do proxecto de lei, como pon de relevo o exhaustivo informe do Gabinete de Desenvolvemento Lexislativo de 24 de xullo de 2019. Aspectos conflitivos e que requiren dun amplo debate do punto de vista político e da técnica lexislativa, como pode ser a problemática sobre a titularidade das augas minerais e termais e dos títulos habilitantes para o aproveitamento, ou as posíbeis limitacións do punto de vista competencial por mor da disparidade de criterios da doutrina legal así como por causa das restricións á nosa capacidade de autogoberno, requiren dunha maior reflexión.

Neste sentido, sinalaremos como é inexplicábel que un texto legal que aspire a dar un novo paso no desenvolvemento do modelo termal galego ignore absolutamente como inflúe a falta de soberanía política de Galiza respecto da xestión dos ríos galegos que non pertencen á bacía Galiza-Costa, como se o feito de que, por exemplo, o territorio que máis potencial termal alberga non atope na xestión do río Miño un foco de dificultades. Situación da que existen numerosos exemplos que a Xunta de Galiza coñece perfectamente. Por exemplo, podemos traer a colación a dificultade para desenvolver o potencial termal de Castrelo de Miño polas dificultades que supón o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posíbel aproveitamento das emerxencias en relación coa xestión do funcionamento do embalse.

En suma, trátase dun proxecto inadecuado que podendo resolver o presunto baleiro legal que describe na súa xustificación cunha mera modificación da normativa vixente impulsa un novo texto que supón unha oportunidade perdida respecto ás necesidades de impulso do termalismo galego do século XXI. Pola contra, engade incertezas e riscos que poden desvirtuar o mapa termal galego, favorecer intereses especulativos e afastar o termalismo galego dun modelo de servizo público, igualitario, inseparable da saúde e do benestar, en harmonía co medio e o patrimonio e singular nun mundo globalizado.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula esta emenda de totalidade ao Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza, solicitando a devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/09/2019 17:00:10

Ana Pontón Mondelo na data 18/09/2019 17:00:20



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, con expresa petición de devolución, sobre a base das seguintes consideracións:

- Non garante o principio básico da consideración de toda auga como un ben de carácter primordialmente público.
- Non define de xeito preciso os parámetros para garantir a calidade das augas, así como tampouco os medios para o seu control.
- Reflicte unha visión moi reducionista e estreita sobre o sector que tenta regular, non recollendo materias fundamentais tales como, por exemplo, o turismo, a dimensión hidrolóxica, o marco da saúde ou para o impulso do medio rural.
- Non contribúe a promover o desenvolvemento económico e social para Galicia, principalmente cara ás localidades nas que emanan as augas termais, sen prever tampouco medidas ou programas de actuación neste sentido.
- Contén igualmente unha discutible regulación sobre as concesións, outórganse ademais por un período que de feito pode exceder o que establece a norma actualmente en vigor.
- Enmarcase no contexto dunha norma autonómica estreitamente unida na súa formulación, como é a *Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia*, que debe ser obxecto dunha modificación integral, e na que se inclúa a regulación específica obxecto do texto remitido, de tal xeito que non contribúa a unha dispersión normativa xa que complicaría o ordenamento, dificultaría o coñecemento e a localización da lexislación aplicable neste ámbito e causaría un maior grado de inseguridade xurídica.
- Non conta cos preceptivos ditames ou informes dos órganos externos de consulta como, por exemplo, o Consello Económico e Social de Galicia, pese a que nos anteproxectos dados a coñecer constatábase que o texto sería sometido á análise da dita entidade.



- Tampouco contou cá necesaria implicación dos concellos termais de Galicia, que non ven reflectido no texto remitido a súa diversa problemática existente, e para a que non se ofrece ningún tipo de solución.

Por todo o anterior solicítase a devolución á Xunta de Galicia do proxecto de lei presentado, co obxecto de reformulalo e remitir unha nova proposta de texto normativo de carácter máis xeral e completo.

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/09/2019 18:04:24



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

- 3.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de medidas para a nova xestión dos saltos e aproveitamentos hidroeléctricos na Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 40064, 10/PPLI-000004)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 40064 (10/PPLI-000004)

Comisión Promotora

Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a nova xestión dos saltos e aproveitamentos hidroeléctricos na Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da Proposición de lei, 405, 03.01.2019

Publicación do coñecemento das sinaturas e admisión a trámite, 527, 10.09.2019

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALIZA

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
12 NOV. 2018
Núm. 40064

comparecen perante a Mesa do Parlamento de Galiza en calidade de Comision Promotora da presente iniciativa, e **EXPOÑEN:**

Que consoante ao disposto no artigo 4 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, formulan escrito de promoción de INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR, co seguinte contido:

I. De conformidade co disposto na letra b) do artigo 4 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, as razóns que aconsellan a tramitación e aprobación polo Parlamento de Galiza da presente proposición de lei céntranse na necesidade promover políticas públicas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galiza, así como garantir a subministración da enerxía como dereito universal de todas as persoas.

II. De acordo coa letra a) do artigo 4 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, expónse a seguir o texto articulado da proposición de lei, precedido dunha exposición de motivos:

**MEDIDAS PARA A NOVA XESTIÓN DOS SALTOS E
APROVEITAMENTOS HIDROELÉCTRICOS NA COMUNIDADE
AUTÓNOMA DE GALIZA**

Exposición de motivos

Núm. 11064

I

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico polo que representa no seu produto interior bruto e por ser un factor relevante na produción industrial. A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endógeno dos seus recursos enerxéticos.

Ao longo dos anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Deste xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, destacando, entre outros, o seu potencial hidroeléctrico. Hoxe Galiza conta con 3.738 MW de potencia hidráulica instalada, que representa aproximadamente o 18% da potencia hidráulica do Estado, e unha produción media, con respecto ao Estado, do 23% no último decenio.


Esta potencia instalada en Galiza concrétase en 166 centrais hidráulicas, das cales son 45 de gran hidráulica e 121 de pequena hidráulica; a construción destas centrais supuxo as máis das veces a perda de núcleos de poboación, o desprazamento dos seus habitantes e o asolagamento de terras fértiles, non sendo sempre pacífica esta ocupación de terras.

Porén, a pesar de que esta grande capacidade de produción hidroeléctrica levou aparelados uns moi importantes custos sociais e ambientais, Galiza non tirou ningún proveito desta actividade económica.

A construción destas centrais hidráulicas respondían ao modelo investimento-concesión de augas, polo que, a cambio dos investimentos precisos para a súa construción, concedeuse ás empresas promotoras unha duración mínima de 75 anos para a súa explotación. No entanto, en Galiza hai centrais hidráulicas que se remontan a finais do século XIX e seguen funcionando en mans privadas.

Lembrar, tamén, que a grande maioría destas concesións fixéronse cando a retribución da produción hidroeléctrica estaba fixada polo Goberno central e, desde a aprobación da Lei 54/1997, do Sector Eléctrico, a súa retribución xa depende do mercado marxinalista (*pool*), igualándose á retribución da tecnoloxía de produción eléctrica máis cara de cada hora, polo que agora a enerxía hidráulica recibe o que no sector se denominan como *beneficios chovidos do ceo*, é dicir, estas concesións tiveron un grande incremento en beneficios sen que repercutise ou fose compensado con contraprestacións sociais nos territorios onde se construíron.

No remate da vixencia da concesión, a lexislación obriga a revertelas á Administración Pública en perfectas condicións de funcionamento; porén, a arbitrariedade nas concesións iniciais, as modificacións lexislativas acomodadas aos intereses das concesionarias, a dispersión -premeditada e caótica- das competencias administrativas (tres organismos de conca para as 166 concesións en Galiza), xunto ao caos



organizativo resultante nos expedientes e a ausencia de transparencia nos datos máis básicos, como o remate da concesión -variábel segundo o organismo oficial consultado-, fan que, malia o tempo transcorrido non se coñeza ningunha planificación para a recuperación destes activos de xeración eléctrica, feito motivado polas disfuncións administrativas no proceso de reversión e, sobre de todo, pola falta de políticas públicas de interese xeral, que permitirían destinar os beneficios da produción hidroeléctrica a abaratar o custo da electricidade, tanto para as persoas consumidoras como para as empresas favorecendo a súa competitividade e, deste xeito, que Galiza por fin acadase algún beneficio.

Por todo isto, a pretensión desta ILP é que os expedientes de reversión das centrais hidráulicas se tramiten sen atrasos e sen caducidades; e tamén, a revisión de todas e cada unha das concesións hidráulicas en Galiza, para comprobar o grao de cumprimento por parte das empresas concesionarias.

II

Polo que esta Iniciativa Lexislativa Popular pretende:

1. Que a Xunta de Galiza participe directamente, ou través de empresas mixtas, no aproveitamentos dos recursos enerxéticos endóxenos.
2. A aprobación dunha Lei que regule a explotación de aproveitamentos hidroeléctricos para fins de utilidade pública e de interese social. E, así mesmo, o compromiso de entregar no Parlamento galego unha relación detallada da situación e as estipulacións das concesións hidroeléctricas en Galiza.
3. E, por último, que a Xunta de Galiza, no ámbito de cooperación coa Administración Xeral do Estado, promova a modificación do texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto-Lei 1/2001, do 20 de xullo, de xeito que permita conseguir os obxectivos anteriormente expostos.

CAPÍTULO ÚNICO

Artigo 1.- O Goberno galego, no ámbito das súas competencias exclusivas, adoptará as medidas necesarias encamiñadas á participación da Xunta de Galiza, directamente ou a través de empresas mixtas, para o aproveitamento público de todos os recursos enerxéticos, así como de todas as instalacións de produción, distribución e transporte existente en Galiza.

Artigo 2.-

1. O Goberno galego, mediante a aprobación dunha Lei regulará a adscrición e cesión da explotación de aproveitamentos hidroeléctricos revertidos polas administracións

hidráulicas competentes nas concas hidrográficas internas da Comunidade Autónoma para fins de utilidade pública e interese social.

2. No prazo de 6 meses, desde aprobación desta Lei, a Xunta de Galiza entregará no Parlamento galego unha relación completa das concesións hidroeléctricas en Galiza, con información do inicio da concesión, da posta en marcha, das prórrogas se as houbo e cal foi o motivo, da data de remate da concesión e dos compromisos adquiridos polas empresas concesionarias.

Artigo 3.- O Goberno galego, dentro do exercicio das súas competencias en materia de augas, promoverá e defenderá nos órganos de coordinación coas administracións públicas, en concreto coa Administración Xeral do Estado, as actuacións necesarias de cooperación que permitan a posta en práctica de medidas encamiñadas a modificar os artigos do texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto-Lei 1/2001, do 20 de xullo, nos preceptos que se relacionan a continuación, e nos termos que en cada caso se indican:

Primeiro. Créase unha nova Sección 7ª no Capítulo III no Título IV, cuxa epígrafe será: "Da reversión de aproveitamentos hidroeléctricos ", que estará composto polo artigo 80 bis, co seguinte contido:

“Artigo 80 bis. Disposicións sobre a reversión de instalacións hidroeléctricas

A declaración de extinción do dereito ao uso privativo das augas adquirido en virtude de concesión ou outros títulos xurídicos, que leve á posible reversión ou recuperación de instalacións hidroeléctricas ao patrimonio público, suxeitarase ao procedemento establecido regulamentariamente, con aplicación das seguintes disposicións especiais:

A competencia para a tramitación do expediente corresponderá á Administración hidráulica competente. Na Administración do Estado o expediente tramitarase polo organismo de conca e resolverase pola Dirección Xeral da Auga.


Os expedientes iniciaranse de oficio por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, a petición razoada doutros órganos ou por denuncia.


Os expedientes de extinción do dereito nos casos de remate do prazo iniciaranse tres anos antes da finalización do prazo. Os expedientes de extinción do dereito por caducidade, renuncia expresa do concesionario, expropiación forzosa ou calquera outras causas extintivas derivadas do título habilitante, iniciaranse cando se dean as circunstancias que o determinen.

O prazo para resolver será dun ano e, en todo caso, antes de que finalice o prazo de extinción do dereito. A falta de resolución expresa ao vencemento do prazo, en ningún caso, producirá a caducidade do procedemento.

O inicio do expediente comunicarse aos órganos competentes sobre a xestión do patrimonio da Administración actuante. E no caso de que existan instalacións obxecto de reversión situadas en Montes de Utilidade Pública de titularidade da Administración local tamén se comunicará o inicio do expediente de reversión á Administración competente para os efectos da lexislación de montes aplicable.

O expediente de extinción será informado pola Comunidade Autónoma e o concello no ámbito territorial do cal estea radicada a central hidroeléctrica, e incorporase á información pública no Boletín Oficial do Estado.





A reversión do aproveitamento hidroeléctrico comprenderá a central e o resto de instalacións necesarias para o seu funcionamento que formen unha unidade de explotación. Iso inclúe todas as instalacións do aproveitamento hidroeléctrico situadas dentro e fóra do dominio público hidráulico.

A Administración hidráulica cando considere posible e conveniente a continuidade do aproveitamento hidroeléctrico, e compatible co plan hidrolóxico, acordará a reversión das instalacións do salto hidroeléctrico para a súa explotación. O concesionario ou titular do dereito extinguido deberá entregar as instalacións en adecuadas condicións de explotación. Na mesma resolución determinarase a entidade pública que levará a cabo a explotación e outorgaráselle autorización especial para a explotación do aproveitamento hidroeléctrico revertido segundo as condicións de explotación existentes adaptadas ao plan hidrolóxico vixente e actualizaranse as condicións económicas inherentes á concesión, entre outras o pagamento de tarifas de utilización da auga e canon de regulación, cando procedan. A vixencia da autorización especial poderase revisar de acordo coa aprobación ou revisión de novos plans hidrolóxicos.

A Administración hidráulica cando non considere viable a continuidade do aproveitamento hidroeléctrico ou sexa incompatible co plan hidrolóxico acordará a retirada ou demolición das instalacións hidroeléctricas á conta do concesionario coas condicións ambientais que determinase o órgano competente en materia de medio ambiente."

Segundo. Engádesse unha nova disposición décimo sexta coa seguinte redacción:

"Disposición adicional décimo sexta. Adscrición e cesión da explotación de aproveitamentos hidroeléctricos revertidos pola Administración do Estado para fins de utilidade pública e interese social

1. Nos expedientes de reversión de instalacións hidroeléctricas tramitados pola Administración hidráulica estatal, o Ministerio de Facenda, a proposta da Dirección Xeral da Auga e da Dirección Xeral de Patrimonio, autorizará a cesión da explotación dos aproveitamentos hidroeléctricos revertidos a favor de entidades públicas ou a súa adscrición aos organismos de conca, para a realización de fins de utilidade pública ou interese social, segundo o establecido nesta disposición.

A cesión ou a adscrición do aproveitamento hidroeléctrico revertido para a súa explotación comprenderá a central e as demais instalacións do salto hidroeléctrico que sexan obxecto da reversión.

A cesión da explotación do aproveitamento hidroeléctrico revertido será gratuíta, temporal, renovable por períodos de 30 anos e condicionada, en todo momento, á vixencia da autorización especial de explotación de acordo coas previsións dos plans hidrolóxicos. A adscrición ao organismo de conca será indefinida pero suxeita ao cumprimento das previsións do plan hidrolóxico.

2. Con carácter xeral, a cesión da explotación dos aproveitamentos hidroeléctricos revertidos cuxa potencia non exceda de 50.000 KVA autorizarase, previo informe da Comunidade Autónoma competente por razón do territorio, a favor da Administración municipal, supramunicipal ou provincial en cuxa demarcación administrativa estea situada a central hidroeléctrica e se considere máis acaída para xestionar e aplicar os rendementos do aproveitamento hidroeléctrico aos intereses locais da zona de influencia do salto.

A cesión da explotación do aproveitamento hidroeléctricos revertidos cuxa potencia exceda de 50.000 KVA, autorizarase a favor da Comunidade Autónoma con competencias executivas en materia de enerxía e industria, en cuxo territorio estea radicada a central hidroeléctrica, condicionada a que os rendementos se destinen á

creación de emprego e competitividade das empresas, especialmente en zonas en proceso avanzado de despoboamento.

3. Con carácter especial, adscribiranse a favor do organismo de conca os aproveitamentos hidroeléctricos de máis de 5.000 KVA revertidos en infraestruturas hidráulicas de interese xeral para usos principais de rega e abastecemento a poboacións, co fin de que os seus rendementos se apliquen aos custos de investimento, funcionamento, mellora e seguridade das infraestruturas do sistema hidráulico xeral ao que pertencen, así como, de forma equivalente, á execución dun programa de restitución territorial e ambiental nas zonas de influencia das obras hidráulicas de regulación. Porén, cando se trate de aproveitamentos hidroeléctricos revertidos cuxa potencia non exceda de 5.000 KVA e estean en canles xestionadas por comunidades de usuarios, cederanse a favor da comunidade xestora da canle, que deberán destinar os beneficios de explotación integramente á xestión das funcións públicas da comunidade.

4. Cando o salto hidroeléctrico fose xestionado antes da reversión por unha entidade local, autonómica, empresa pública ou comunidade de usuarios da auga, a cesión temporal do aproveitamento revertido dará continuidade á titularidade da explotación do aproveitamento hidroeléctrico, previa autorización especial de explotación adaptada ás esixencias da planificación hidrolóxica.

5. O Ministerio de Facenda concretará as condicións da cesión temporal da explotación de aproveitamentos hidroeléctricos revertidos para garantir o cumprimento dos fins da cesión, que se incorporarán á resolución de reversión e a autorización especial de explotación que dite a Administración hidráulica. En todo caso, os contratos con empresas privadas para a xestión técnica dos saltos revertidos someteranse á lexislación de contratos do sector público.

Terceiro. Engádesse unha nova disposición adicional décimo sétima coa seguinte redacción:

"Disposición adicional décimo sétima. Adscripción e cesión da explotación de aproveitamentos hidroeléctricos revertidos polas Administracións hidráulicas competentes nas concas internas das Comunidades Autónomas para fins de utilidade pública e interese social

Mediante lei da Comunidade Autónoma regularase a adscripción e cesión da explotación de aproveitamentos hidroeléctricos revertidos polas Administracións hidráulicas competentes, nas concas hidrográficas comprendidas integramente dentro do seu ámbito territorial, para fins de interese xeral e utilidade pública.

Cuarto. Engádesse unha nova disposición adicional décimo oitava coa seguinte redacción:


"Disposición adicional décimo oitava. Prohibición para ser titular de novas concesións


En ningún caso poderán ser titulares de novas concesións para uso privativo da auga con fins hidroeléctricos, as persoas físicas e xurídicas, incluídas as do seu mesmo grupo empresarial, cando nunha concesión de salto hidroeléctrico que lles fose outorgada incumpran os requirimentos de retirada ou demolición das instalacións construídas no dominio público hidráulico.

Quinto. Engádesse unha nova disposición adicional décimo novena coa seguinte redacción:

"Disposición adicional décimo novena. Xestión da enerxía reservada ao Estado

A enerxía reservada ao Estado ou, de ser o caso, ás CC.AA. nos saltos hidroeléctricos destinarase polo organismo de conca, ademais de aos obxectos previstos nos respectivos títulos concesionais, aos fins previstos no apartado terceiro da disposición adicional décimo sexta desta lei, e en particular, ás elevacións de auga de titularidade





pública na conca, coas prioridades que se determinen pola Xunta de Goberno a proposta do Presidente do organismo de conca.

Disposición transitoria única. Adaptación dos procedementos de reversión de saltos hidroeléctricos

Aos procedementos de reversión de aproveitamentos hidroeléctricos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei, que aínda non se resolven, aplicaránselles as disposicións previstas na devandita lei. E os aproveitamentos hidroeléctricos revertidos adaptaranse ás disposicións desta lei no prazo dun ano.”

Disposición final única.

O Goberno galego poderá ditar as normas regulamentarias que requiran o desenvolvemento e aplicación desta Lei.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Fican derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o disposto nesta Lei.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta Lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.

III. Os asinantes autorizan a D. Paulo S. Carril Vázquez a presentar e recibir escritos e documentos en nome da Comisión Promotora.

Polo exposto,

SOLICITAN Á MESA DO PARLAMENTO DE GALIZA: Que teña por formulado o presente escrito de promoción de iniciativa lexislativa popular, acordando a súa admisión a trámite para, unha vez cumpridos os trámites legais, incluída a recolla e presentación de, como mínimo, quince mil sinaturas debidamente autenticadas de cidadáns, publique a presente proposición de lei conforme ao artigo 123 do Regulamento da Cámara para a súa toma en consideración no Pleno e subseguinte tramitación parlamentaria.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018.

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

- 3.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. de En Marea, pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia (doc. núm. 50476, 10/PPL-000041)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 50476 (10/PPL-000041)

Grupo Parlamentario de En Marea

Proposición de lei pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia

Publicación da iniciativa, 482, 04.06.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2019 17:30:34
Nº Rexistro: 50476
Data envío: 03/06/2019 17:30:34.094



A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei** pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

ANTECEDENTES

- Estatuto de Autonomía de Galicia
- Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia
- Real Decreto 228/1985, de 6 de febreiro, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de casinos, xogos e apostas.
- Decreto 166/1986, do 4 de xuño, de catálogos de xogo da Comunidade Autónoma de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A legalización da apostas online no ano 2011, abriu unha nova realidade no ámbito dos xogos de azar e as apostas así como da súa publicidade, máis controlada ata ese momento.

Neste sentido, a proliferación de negocios de casas de apostas, así como o aumento de usuarios e usuarias nas mesmas, incrementouse notablemente nestes últimos anos. Esa proliferación, focalizada principalmente en barrios humildes así como en colectivos vulnerables como a xuventude, que nun contexto de

CSA: REXISTROZ/KIa3VB6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





precariedade laboral, supón un caldo de cultivo para o incremento dun problema de saúde pública como é a ludomanía.

As diferentes normativas que regulan a materia, están quedando obsoletas ante o rápido avance da realidade, non contemplando estas novas formas de xogo e polo tanto, permitindo un campo aberto e sen limitacións, co conseguinte risco de problemas futuros.

De feito, a actual normativa do xogo en Galicia, supón una norma en branco que ao non contemplar a nova realidade, resulta totalmente laxa con esas novas formas de xogos e apostas vulnerando en moitos casos tratados internacionais como aqueles que protexen as e os menores.

Por iso, faise necesaria unha actualización da normativa, para que contemple a realidade actual e impida a proliferación destas actividades, tomando como exemplo políticas públicas como as que se levaron a cabo respecto ao control da industria tabacaleira. Neste sentido, a presente modificación lexislativa, pretende dar resposta a esa realidade incorporando mecanismos de control e prevención.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición de Lei de modificación da Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

Artigo único: Modifícase a Lei 14/1985 reguladora dos xogos e apostas en Galicia:

Modifícase a exposición de motivos, suprimindo o primeiro parágrafo da mesma, polo seguintes texto:

A presente Lei recolle a labor reguladora da Administración en relación ao ámbito dos xogos e apostas, co compromiso na defensa do orde público, a saúde pública e a protección dos dereitos e seguridade dos consumidores pero





principalmente de colectivos máis vulnerables como as persoas menores de idade ou as persoas con ludomanía así como a prevención da propia adición.

b). Elimínase do penúltimo parágrafo a seguinte frase: “permítese a introdución de outros de nova implantación”.

c). Elimínase do último parágrafo a frase a partir de “e permite a súa aplicación inmediata...”

Modifícase o artigo 2 engadindo un artigo 2bis co seguinte contido:

As actuacións en materia de xogos e apostas deberán rexerse polos seguintes principios, dos que a Administración será a máxima garante no seu cumprimento:

- Prohibición do fomento do hábito do xogo.
- Protección das persoas menores de idade e daquelas outras persoas que teñan reducidas as súas capacidades intelectuais e cognitivas, ou se atopen incapacitadas legal ou xudicialmente, impedindo o seu acceso á práctica e aos establecementos en calquera das súas modalidades.
- Posibilidade de intervención e control por parte da Administración.
- Fomento dunha política integral de responsabilidade social con accións preventivas, sensibilización e reparación dos efectos negativos producidos.
- Colaboración no cumprimento da lexislación en materia de prevención e branqueo de capitais.

O apartado c) do artigo 3 quedará redactado da seguinte forma:

c) Os casinos, bingos, casas de apostas e demais locais nos que se leven a cabo as actividades enumeradas nos apartados precedentes.

O artigo 4 quedará redactado no seguintes sentido:





As persoas menores de idade e demais persoas que sendo maiores, non se atopen en pleno uso da súa capacidade de obrar, estaralles prohibida a práctica dos xogos obxecto de regulación da presente Lei, o uso de máquinas con premio e a participación e apostas, así como a entrada aos locais dedicados a ditas actividades ou outros locais nos que sexa accesible a práctica de xogos e apostas contemplados nesta Lei.

Estableceranse regulamentariamente, todos os mecanismos de control sobre o acceso que sexan necesarios para o cumprimento do establecido no presente artigo. Sendo de obrigado cumprimento, en todo caso, a solicitude de documento de identidade así como un Rexistro de Excluídos de Acceso aos xogos e apostas en Galicia.

Modifícase o apartado dous do artigo 5 polo seguinte texto:

Queda expresamente prohibida todo tipo de publicidade, promoción, patrocinio e calquera outra forma de comunicación comercial relacionada coas actividades dos xogos, apostas e outras actividades comprendidas nesta Lei.

As disposicións desta Lei son aplicables á publicidade online, ás axencias de publicidade, axencias de medios e aos medios de comunicación que difunda a publicidade sobre o xogo ou os locais onde se desenvolva a mesma, cando se atopen comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei.

As disposicións sobre a publicidade ilícita, contidas na lexislación xeral sobre publicidade, serán aplicables á publicidade arriba mencionada así como ás empresas e establecementos autorizados.

Engádese no artigo 6 dous novos apartados:

- h) Xogo online que se comprenda no ámbito de artigo 2 da Lei.
- i) Todos aqueles outros que estean comprendidos no ámbito desta Lei.





Modifícase o artigo 7.2 do seguinte xeito:

Todas as autorizacións terán unha duración determinada cuxos prazos e condicións serán determinados regulamentariamente.

Engadese dous novos apartados ao artigo 7 co seguinte texto:

7. Extinción e revogación das autorizacións.

As autorizacións poderán extinguirse nos seguintes casos:

- Renuncia expresa das persoas interesadas.
- Transcurso do tempo polo que foron concedidas, sen perxuízo das renovacións ás que tivese lugar.
- Falecemento ou extinción da personalidade xurídica sen perxuízo das transmisións as que puidera ter lugar.

Poderá acordarse a revogación da autorización, previa audiencia das persoas interesadas por algunha das seguintes causas:

- Incumprir algún dos requisitos esixidos pola normativa para a concesión da autorización ou as condicións ás que estivese subordinada.
- Cesar na actividade obxecto de autorización nos termos que se establezan regulamentariamente.
- Faltar ao cumprimento dos requisitos sinalados nesta Lei.
- En virtude do correspondente procedemento administrativo sancionador, ou cando o determine unha sentenza xudicial.

Por calquera outra circunstancia que se determine regulamentariamente.

8. Os requisitos xerais para os titulares das autorizacións serán os seguintes:





1. En ningún caso, poderán ser titulares das autorizacións para a organización e explotación dos xogos e apostas regulados por esta Lei, as persoas físicas ou xurídicas en cuxo capital participen persoas que se atopen en algunha das seguintes circunstancias.
 - Ter sido condenadas mediante sentenza firme dentro dos cinco anos anteriores á data da solicitude da autorización, por delito contra a saúde pública, de falsidade, de asociación ilícita, de contrabando, contra o patrimonio e contra o orde socioeconómico, contra a Administración Pública o a Facenda pública e a Seguridade Social, así como por calquera infracción penal derivada da xestión ou explotación dos xogos e apostas.
 - Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou da Seguridade Social, derivadas de actividades económicas en materia de xogos e apostas.
 - Ter sido sancionada a persoa física, xurídica ou os seus socios e socias, persoas con posto directivo ou de administración, mediante resolución administrativa firme por dúas ou máis infraccións graves nos últimos catro anos, por incumprimento da normativa estatal ou autonómica do xogos e apostas.
 - Ter solicitado declaración de concurso voluntario, ter sido declaradas insolventes en calquera procedemento, estar declaradas en concurso, estar suxeitas a intervención xudicial ou inhabilitadas conforme a normativa aplicable en materia concursal, sen que se teña concluído o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
 - Incorrer en algún dos supostos establecidos no réxime de incompatibilidades do empregado público estatal e autonómica nos termos establecidos nas mesmas.
 - Aquelas outras circunstancias que se establezan regulamentariamente.

A xustificación de non incorrer nas circunstancias anteriores poderá realizarse mediante testemuña xudicial, certificados telemáticos ou transmisións de datos





de acordo co establecido na normativa vixente en relación ao uso das técnicas electrónicas, informáticas, telemáticas ou de certificación administrativa. Cando ditos documentos no poidan ser expedidos pola autoridade competente, poderán ser substituídos por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notaría ou persoa con fe pública.

O incumprimento dos requisitos mencionados con posterioridade á autorización, levará aparellada a perda desta, que non poderá solicitarse nun período de cinco anos.

Engádese un novo artigo 7.bis

En todo caso, non poderá autorizarse a instalación, apertura e funcionamento de salóns de xogo ou locais específicos de apostas situados nun radio inferior a un quilómetro de centros educativos, culturais, centros de ocio infantil e xuvenil, centros sanitarios u asociativos de loita contra a ludomanía, outros locais de xogo, casinos, salas de bingo ou locais específicos de apostas, medidos dende calquera das portas de acceso das que se pretenda instalar.

Suprímense os dous últimos puntos do artigo 8.

Engádese un apartado bis no artigo 10.

Enténdese por locais específicos de apostas, aqueles establecementos abertos ao público que, baixo as condicións regulamentarias establecidas, teñan sido autorizados para a formalización de apostas.

Modifícase o artigo 11 co seguintes texto:

Nos bares, cafeterías, establecementos de hostaleira e análogos non se poderán instalar máquinas de xogos e apostas a partir da entrada en vigor desta Lei.

Para as xa instaladas, será necesario que implante un mecanismo que permita o control de acceso ás mesmas, e que estará fixado regulamentariamente. En





ningún caso estarán fisicamente accesibles para as persoas as que se refire o artigo catro desta Lei.

Engádese dous novos apartado ao artigo 26.1:

e) Unha persoa representante por cada unha das organizacións de loita contra a ludomanía presentes en Galicia.

f) Unha persoa representante por cada unha das Organizacións Sindicais con representación no sector.

Modifícase o apartado e) do artigo 28 polo seguinte xeito:

O incumprimento do establecido no artigo 4.

Modifícase o apartado b) do artigo 29 polo seguinte texto:

Calquera incumprimento do establecido en materia de publicidade.

Engádese un novo apartado no artigo 29:

k) O incumprimento do establecido na disposición adicional quinta.

Engádese un novo apartado ao artigo 32:

5. A autoridade sancionadora ordenará o comiso das apostas percibidas e dos beneficios ilícitos obtidos, cuxo importe deberá destinarse integramente a campañas e accións formativas de prevención dirixidas á sensibilización respecto aos efectos da práctica do xogo, que serán realizadas por persoas especialistas na material.

Engádense as seguintes disposicións adicionais:

Quinta: Queda prohibida a venda de bebidas alcohólicas en salóns de xogos e casas de apostas.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2019 17:30:34
Nº Rexistro: 50476
Data envío: 03/06/2019 17:30:34.094



Sexta: En materia de loterías, ONCE e apostas do Estado estarase ao previsto na Lei 13/2011 de Regulación do Xogo.

Engádense dúas novas disposicións transitorias:

Sétima: Establecerase un tempo de adaptación de seis meses dende a entrada en vigor da Lei.

Octava: As licencias outorgadas antes da entrada en vigor da Lei, deberán ser revisadas de xeito progresivo, comezando polas máis antigas ata as máis novas, para verificar o cumprimento dos requisitos recollidos nas presente norma.

Engádense unha disposición derogatoria:

Coa entrada en vigor da presente Lei, queda derogada a Lei 6/2014 pola que se modifica a Lei 14/1985, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2019 17:30:34
Nº Rexistro: 50476
Data envío: 03/06/2019 17:30:34.094

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/06/2019 17:29:07

Luis Villares Naveira na data 03/06/2019 17:29:20

CSX REXISTROZ7KiaJVB6
Villares Naveira
<https://asento.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

- 3.4 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Mixto, de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia (doc. núm. 52134, 10/PPLR-000004)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3.4 52134 (10/PPLR-000004)

Grupo Parlamentario Mixto

Proposición de lei de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia

Publicación da iniciativa, 511, 26.07.2019

Publicación da correccion de erros, 533, 18.09.2019

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Veroa**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de reforma do Regulamento do Parlamento de Galiza**

ANTECEDENTES

Conforme ao artigo 148 da Constitución Española, as Comunidades Autónomas poden asumir plenas competencias na organización das súas institucións de autogoberno, como así se dispón no artigo 27 do Estatuto de Autonomía.

Conforme ao artigo 37 do Estatuto de Autonomía de Galiza, corresponde ao Parlamento a potestade lexislativa nas materias da súa competencia exclusiva.

A Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, aprobada en decembro de 2006 e ratificada en 2007 polo Estado Español, reconece que a “discriminación contra calquera persoa por razón da súa discapacidade constitúe unha vulneración da dignidade e o valor inherentes do ser humano”, e observa que “as persoas con discapacidade seguen atopando barreiras para participar en igualdade de condicións coas demais na vida social e que se seguen vulnerando os seus dereitos humanos en todas as partes do mundo”.

O Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa





inclusión social, no capítulo V, regula o dereito á vida independente, para o cal se deben garantir unhas condicións mínimas de accesibilidade axeitadas a todas as diversidades das persoas con discapacidade. Asemade, o Artigo 59 establece obrigas para os poderes públicos en relación á toma de conciencia social para a promoción da igualdade de oportunidades e a non discriminación.

A Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, recoñece oficialmente a lingua de signos española e catalá, no seu ámbito lingüístico (aínda non a lingua galega de signos) e establece medidas para garantir o dereito ao seu uso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 45 do Regulamento do Parlamento de Galicia establece oito comisións permanentes lexislativas. Asemade, o artigo 50 establece que se poden constituír comisións non permanentes especiais, para unha función ou traballo concreto.

Na Xª Lexislatura constituíronse a Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres e a Comisión especial non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a favor da integración das persoas con discapacidade. Esta última continúa os traballos da análoga creada na IXª lexislatura, cun réxime de sesións irregular, que, de seguir o actual ritmo, non permite rematar con éxito os obxectivos do plan de traballo marcado na presente lexislatura.





Os asuntos relativos á Igualdade e á Discapacidade veñen tratándose con regularidade na Comisión 5ª, que engloba as áreas de Sanidade, Política Social e Emprego, e que, polo volume dos seus traballos, celebra tres sesións ao mes, fronte ás dúas do resto de Comisións.

É unha reivindicación das asociacións e colectivos galegos que traballan no eido da Discapacidade a necesidade de que o Parlamento estableza unha Comisión de Discapacidade cons funcións de control ao goberno e de impulso lexislativo.

O noso País conta cunha alta porcentaxe de poboación con discapacidade e a tendencia é seguir aumentando, en razón do avellentamento demográfico, o que impón retos sociais no eido da organización dos coidados, que requiren dunha reflexión colectiva como País.

Na actualidade, continúan sen se cumprir as leis relativas á discapacidade que garantirían a igualdade de dereitos plena de todas as persoas, independentemente das súas capacidades.

Por outra parte, en Galiza, o emprego caracterízase pola súa precariedade estrutural e a igualdade entre homes e mulleres é un valor non acadado na sociedade.

Non existe no Parlamento de Galiza comisión específica de emprego, sendo tratados os asuntos relativos ao mesmo na Comisión 5ª, xa sobresaaturada de traballos que teñen que ver coa Sanidade e coa Política Social, así como na Comisión 3ª ou na 6ª.





En canto á Igualdade, vense creando unha comisión especial non permanente, sen iniciativa lexislativa, sendo necesario plasmar a aposta real pola Igualdade dándolle rango similar a outras comisións permanentes, nun contexto no que a ultradereita cuestiona os dereitos conseguidos pola loita das mulleres, cando aínda non se acadou a igualdade efectiva.

O calendario de sesións que se establece ao inicio de cada período de sesións só fixa as datas dos plenos, pero non as das Comisións, o que impide organizar o traballo, aínda que, na práctica, mantéñense frecuentemente nos mesmos días e horarios.

Ao creárense tres novas Comisións permanentes lexislativas – de Discapacidade, Igualdade e Emprego – a Comisión 5ª podería reducir a frecuencia das súas sesións.

PROPOSICIÓN DE LEI

Artigo 1.

Modifícase o artigo 1.1, que quedaría redactado do seguinte xeito:

Artigo 1.

1. O galego e o castelán serán as linguas oficiais do Parlamento de Galicia, así como as súas respectivas linguas de signos.

Artigo 2.





Modifícase o artigo 45.1, que quedaría redactado do seguinte xeito:

Artigo 45

1. Son comisións permanentes lexislativas as seguintes:

1ª. Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

2ª. Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

3ª. Economía, Facenda e Orzamentos.

4ª. Educación e Cultura.

5ª. Sanidade e Política Social.

6ª. Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

7ª. Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

8ª. Pesca e Marisqueo.

9ª. Discapacidade.

10ª. Igualdade e Dereitos das Mulleres.

11ª. Emprego.

Artigo 3.

Modifícase o artigo 54.3, que quedaría redactado do seguinte xeito:

Artigo 54

3. Só terán acceso ao salón de sesións, ademais das persoas indicadas, as persoas funcionarias do Parlamento de Galicia no exercicio do seu cargo e as persoas que estean expresamente autorizadas pola Presidencia, así como as persoas que





exerzan de asistentes persoais das persoas con diversidade funcional que teñen acceso ao salón de sesións.

Artigo 4.

Engádese un novo punto, o 3.

Artigo 68

3. Ao inicio de cada período de sesións a Mesa aprobará, oída a Xunta de Portavoces, un calendario de sesións de pleno e comisións.

Artigo 5.

Modifícase o artigo 70.1, que quedaría redactado do seguinte xeito.

Artigo 70

1. As sesións das comisións son a porta pechada, mais poderán asistir as persoas representantes dos medios de comunicación social debidamente acreditados, así como as persoas que exerzan de asistentes persoais das persoas con diversidade funcional que teñen acceso ás sesións das comisións.

Disposición final

As novas comisións permanentes legislativas de Discapacidade e Igualdade e Dereitos das Mulleres crearanse en canto rematen os traballos das Comisións





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2019 10:31:07
Nº Rexistro: 52134
Data envío: 02/07/2019 10:31:07.008

especiais non lexislativas análogas impulsadas na Xª lexislatura do Parlamento de Galiza.

As comisións especiais de Igualdade e Dereitos das Mulleres e de Discapacidade da Xª lexislatura deberán acabar os seus traballos antes do remate do primeiro semestre de 2020.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Vero

Luís Villares Naveira

Voceiro e Vicevoceira do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Vero na data 02/07/2019 10:28:25

Luis Villares Naveira na data 02/07/2019 10:28:44

CSV REXISTRO: 52134-H063
Voceiro
<https://asento.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4. Comparecencia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 57553 (10/CPP-000111)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación
Profesional, por petición propia, para informar do inicio do
curso 2019-2020 no ensino non universitario de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
 REGISTRO XERAL ENTRADA
 14 OUT. 2019
 Núm. 57593

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIONS PÚBLICAS E JUSTIZA**
Direcció Xeral de Relacions Institucionals
e Parlamentaries

galicia

VICEPRESIDENCIA I CONSELLERIA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIONS PÚBLICAS I JUSTITZA
DIRECCIÓ XERAL DE RELACIONS INSTITUCIONALS I PARLAMENTÀRIES

14 OUT. 2019

SAIDA

Num. 199

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Achado por: GARCIA-SEÑORANIS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 14/10/2019 13:06:59

WE: ZOOLOGY2
mailto:zoo2@xunta.gal/cve



Xacobeo 2021

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 57470 (10/MOC-000158)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Torregrosa Sañudo, Julia e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 52893, publicada no BOPG n.º 512, do 29.07.2019, e debatida na sesión plenaria do 08.10.2019)

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2019 13:44:56
Nº Rexistro: 57470
Data envío: 11/10/2019 13:44:56.497

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araújo, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** como consecuencia da Interpelación, doc. núm. 52893, sobre as políticas de emprego que vai poñer en marcha o Goberno galego, debatida na sesión plenaria do día 8 de outubro de 2019. (10/INT-001758)

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Instar ao Goberno do Estado á derogación das últimas reformas laborais para rematar coa precarización crecente do mercado de traballo.
2. Adoptar as medidas normativas necesarias e establecer os incentivos precisos para o cambio do modelo produtivo galego, que permita un crecemento sectorialmente equilibrado e mais respectuoso co medio, o desenvolvemento de actividades mais intensivas e coñecemento e de maior valor engadido, e a xeración de empregos de calidade e mellor retribuídos.
3. Remitir ao Parlamento de Galicia unha Lei de Emprego de Galicia que contribúa a ordenar o sistema de emprego e garanta o dereito subxectivo á empregabilidade das persoas.
4. Proceder á reforma integral do Servizo Público de Emprego de Galicia para configuralo como un organismo autónomo de carácter administrativo con personalidade xurídica propia e autonomía económica, de xeito que



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2019 13:44:56
Nº Rexistro: 57470
Data envío: 11/10/2019 13:44:56.497

poida contribuír efectivamente ao pleno desenvolvemento do dereito ao emprego estable e de calidade e a cubrir as necesidades de persoal adaptado aos requirimentos das empresas, así como a favorecer a cohesión social e territorial mediante a xestión das políticas de emprego e a execución da lexislación laboral que se lle encomenden.

5. Elaborar un Plan de choque para mellorar o emprego das mulleres, a mocidade, os parados de longa duración e as persoas maiores de 52 anos, por seren os colectivos con problemáticas específicas que se traducen en maiores dificultades de acceso ao emprego, maior precariedade laboral, maiores taxas de temporalidade, menores salarios e maiores taxas de paro, segundo os casos.
6. Reformar a Formación Profesional para o emprego, para facilitar a inserción laboral da mocidade, poñendo en valor a rede de centros públicos de FP de titularidade autonómica, redefinindo o mapa de titulacións, para acompasalo coas demandas do mercado de traballo, e regulando a FP dual para favorecer o acceso universal e en condicións de non discriminación.
7. Reforzar a colaboración coa Inspección de Traballo para facer aflorar o emprego ilegal, así como o exceso de horas extra traballadas e non aboadas aos traballadores.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2019 13:44:56
Nº Rexistro: 57470
Data envío: 11/10/2019 13:44:56.497

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 11/10/2019 13:43:00

Paula Quinteiro Araújo na data 11/10/2019 13:43:10

